



ANEXO V: ESTUDIO SOCIOECONÓMICO



Introdución.....	4
<i>Descrición e finalidade</i>	<i>4</i>
<i>Estrutura e método.....</i>	<i>4</i>
Descrición da situación inicial.....	6
<i>Reseña para a contextualización.....</i>	<i>6</i>
<i>Demografía</i>	<i>6</i>
Evolución recente da poboación	6
Crecemento vexetativo	8
Movementos migratorios	10
Estrutura da poboación.....	12
Análise demográfico do casco urbano da Estrada.....	16
<i>Sociedade</i>	<i>18</i>
Estrutura social	18
Renda	20
Mercado de traballo	23
Educación e formación	25
Vivenda.....	28
Sanidade.....	29
Participación social	29
Novas tecnoloxías	30
Cultura e lecer	30
<i>Economía.....</i>	<i>30</i>
Sector primario	30
Industria e construción.....	32
Sector terciario.....	33
Demografía empresarial	34
Sector público	35
Diagnose da situación de partida.....	36
<i>Competitividade e complementariedade do concello</i>	<i>37</i>
<i>Fortalezas e oportunidades</i>	<i>37</i>
Directrices para o desenvolvemento socioeconómico.....	38
<i>Contextualización da problemática da situación socioeconómica.....</i>	<i>39</i>
<i>Deseño dunha Estratexia Integral para a Dinamización Socioeconómica da Estrada</i>	<i>40</i>
<i>Fitos da Estratexia Integral para a Dinamización Socioeconómica.....</i>	<i>41</i>
Fito 1. Control das taxas tendenciais	41
Fito 2. Punto de inflexión	41
Fito 3. Recuperación de poboación.....	42
Fito 4. Consolidación da recuperación	42
<i>Plans de continuidade a implementar para contribuír a Estratexia Integral para a Dinamización Socioeconómica do Concello da Estrada</i>	<i>42</i>
Eixo 1. Poboación.....	43
Eixo 2. Territorio	44
Eixo 3. Sociedade.....	47
Eixo 4. Economía.....	48
<i>Folla de ruta da Estratexia de Dinamización Socioeconómica.....</i>	<i>49</i>
1. Estabilización demográfica.....	50
2. Recuperación de funcionalidade e representatividade propia	50



3. Desenvolvemento endógeno e mellora da calidade de vida baseada na excelencia dos hábitats urbano e rural	50
Criterios a considerar no PXOM para posibilitar unha evolución socioeconómica vencellada ás directrices	51
<i>O Plan Xeral de Ordenación Municipal como ferramenta para o desenvolvemento socioeconómico da Estrada.....</i>	<i>52</i>
Espazo público e sistema xeral de espazos libres	52
Actividade económica.....	53
Poboación e vivenda	54
Necesidades de control e seguimento.....	62



Introdución

Descrición e finalidade

O estudo socioeconómico que se presenta ten como finalidade facilitar a toma de decisións dentro do proceso de elaboración do Plan Xeral de Ordenación Municipal orientadas cara á consecución dunha mellora efectiva do benestar e a calidade de vida da veciñanza.

Para elo o presente estudo socioeconómico aséntase nos seguintes criterios necesariamente observados e promovidos polas propostas que se poden tirar como resultado do presente estudo socioeconómico. Estes criterios son:

- respecto do entorno ambiental
- incremento da calidade territorial, e
- favorecemento da posta en valor das singularidades específicas do concello.

A aproximación socioeconómica realízase dende tres grandes temáticas e a correspondente caracterización das súas compoñentes. Esta división permitiranos realizar propostas de actuación en positivo sobre os eixos estratéxicos de calquera análise socioeconómica:

- poboación (variable fundamental de traballo)
- sociedade (configuración dun determinado sistema para a organización da poboación), e
- economía (ferramenta de desenvolvemento ao servizo dos obxectivos finais).

Coa intención de integrar dende un primeiro momento as afeccións á capacidade ambiental do ámbito de estudo, o traballo estase a desenvolver dende un equipo interdisciplinario que posibilita a coordinación en termos de coherencia dos diferentes estudos para as múltiples variables que entran en interacción.

Estrutura e método

A estrutura do traballo desenvolve unha metodoloxía que partindo do estudo da realidade actual, permite identificar unha serie de fitos socioeconómicos singulares no concello da Estrada. Sobre estes elementos singulares é sobre os que se deben sentar as bases da acción para un incremento da calidade de vida sen se saír dun marco conceptual no que o crecemento económico favoreza a cohesión social que, á súa vez, poida vir acompañada dunha evolución demográfica positiva.

No esquema metodolóxico de traballo que se presenta a continuación, a medida que se afonda en cada un dos pasos, obtéñense conclusións e obxectivos concretos que establecen as pautas para o establecemento de directrices en función das tendencias demográficas e socioeconómicas reais e pretendidas.



Esta estrutura plasma no traballo unha metodoloxía que segue o Enfoque do Marco Lóxico (EML) polo que considera que os resultados finais son consecuencia dunha serie de decisións previas cunha relación causal interna. Polo tanto, os progresos e conclusións do estudo se irán xustificando en función dos resultados do apartado precedente outorgándolle ao estudo coherencia e sinxeleza á hora da comprensión e da transmisión.

Etapa	Obxectivo
Descrición obxectiva da situación inicial	Coñecer a realidade socioeconómica e demográfica do concello da Estrada, para coñecer o punto real de partida.
Análises internas e externas	Analizar a información compilada para caracterizar as limitacións e potencialidades tanto internas como externas que afecten ás posibilidades de desenvolvemento socioeconómico.
Identificación de singularidades e vantaxes competitivas	Os resultados da análise permitirán identificar as singularidades e potencialidades propias ou sinérxicas dentro do entorno dende a óptica do desenvolvemento socioeconómico.
Directrices para un desenvolvemento endógeno	Definir as liñas de evolución que poderían favorecer para o desenvolvemento das singularidades endóxeas e das sinerxias do entorno e vencellalas á elaboración do PXOM da Estrada.
Seguimento da evolución	Establecer un mecanismo de validación e control das hipóteses a través de indicadores de evolución.



Descrición da situación inicial

Reseña para a contextualización

“O concello da Estrada está situado no norte da provincia de Pontevedra. Desempeña o papel de cabeceira comarcal dentro da comarca Tabeirós-Terra de Montes.

A súa superficie é de 281,8 km², que se estenden maioritariamente polo curso medio do río Ulla. Segundo o recento censal de 1999 ten un volume demográfico de 22.216 habitantes, o que supón unha densidade de poboación media de case 80 hab/ km², moi semellante á media autonómica pero inferior á provincial.

Coas súas 51 parroquias é o termo municipal galego cun máis alto número deste tipo de entidades.

Dentro de Galicia desempeña un papel de espazo de transición entre as áreas costeiras, máis poboadas e dinámicas, e as interiores, de características topográficas e socioeconómicas diferenciadas.

Dentro do concello, o núcleo urbano da Estrada configúrase como unha pequena cidade de grande dinamismo no eido comercial, de servizos e empresarial, que nas últimas décadas se consolida como núcleo urbano reitor do territorio comarcal. Presenta o mesmo un forte dinamismo demográfico que o leva a concentrar case ó 50% da poboación.”


RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Román, *A Estrada. Xente e Paisaxe*. A Estrada: Fervenza, 2003

Demografía

A poboación constitúe unha variable fundamental para a análise socioeconómica da Estrada como de calquera ámbito. Unha correcta caracterización demográfica establece o punto de partida que nos permite coñecer as necesidades cambiantes da sociedade e nos permitirá atinar no deseño de estratexias en materias sociais e económicas.

Evolución recente da poboación

O inicio para unha análise demográfica realista e fundamentada do concello da Estrada para pola propia evolución da poboación nos últimos anos para podermos coñecer tanto a súa composición como a evolución no tempo.



Fonte IGE. Censos de poboación. Padrón Municipal de Habitantes

Considerando os datos da última década pódese apreciar un descenso constante da poboación do concello da Estrada cun repunte cara a metade da década analizada pero que podemos apreciar como anecdótico xa que en definitiva non fai máis que acrecentar os ratios de descenso no último lustro.


O decrecemento rexistrado nos últimos dez anos encaixa co experimentado na Comarca Tabeirós-Terra de Montes, se ben é máis intenso na comarca que no municipio. Na seguinte táboa pódese apreciar o decrecemento do concello xunto co da comarca e o crecemento nos últimos anos tanto de Galicia como da provincia de Pontevedra.

Series de poboación 1998-2008

	Galicia	Pontevedra	Tabeirós Terra de Montes
1998	2.724.544	906.298	30.117
1999	2.730.337	908.803	29.815
2000	2.731.900	912.621	29.772
2001	2.732.926	916.176	29.588
2002	2.737.370	919.934	29.361
2003	2.751.094	927.555	29.379
2004	2.750.985	930.931	29.141
2005	2.762.198	938.311	29.011
2006	2.767.524	943.117	28.848
2007	2.772.533	947.639	28.738
2008	2.784.169	953.400	28.572

Fonte: IGE. Censos de poboación. Padrón Municipal de Habitantes

Realizando unha indexación da táboa anterior utilizando o ano 1998 como base, pódese apreciar graficamente a tendencia comentada na que se produce unha diverxencia entre a tendencia da provincia de Pontevedra e a comarca de Tabeirós – Terra de Montes, dentro da cal A Estrada non obtén os peores resultados pero seguen na mesma liña descendente e diverxente coa provincia e a Comunidade Autónoma.



Fonte: Elaboración propia con datos do IGE. Padrón Municipal de Habitantes

Como resultado desta comparación na que se aprecian tendencias cun distinto signo nos últimos dez anos, podemos concluír que realmente existe un interesante potencial de crecemento que non se está a replicar por algún motivo na Estrada. Unha análise máis detallada nos achegará ás causas desta situación.

Crecedemento vexetativo

O crecedemento natural ou vexetativo analiza a diferenza natural entre nacementos e defuncións nun determinado período, o cal nunha estrutura demográfica estable inflúe de maneira substancial na evolución desta variable.

Facendo esta comparación entre nacementos e defuncións para o concello da Estrada cos datos dos últimos 10 anos, o resultado tira un saldo vexetativo negativo ano tras ano, é dicir, un maior número de defuncións que de nacementos cada ano.




Unha análise exclusivamente dende a perspectiva do crecemento vexetativo arroxa que na última década, o concello da Estrada perdeu 1.308 habitantes considerando os 1.487 nacimentos fronte ás 2.795 defuncións que se produciron no período.

Nacementos, defuncións e saldo vexetativo da Estrada. 1998-2007

	Nacementos	Defuncións	Saldo vexetativo
1998	144	276	-132
1999	157	279	-122
2000	134	302	-168
2001	160	269	-109
2002	152	247	-95
2003	151	282	-131
2004	150	276	-126
2005	142	300	-158
2006	139	274	-135
2007	158	290	-132
totais	1.487	2.795	-1.308

Fonte: IGE. Movemento natural de poboación

Graficamente pódese apreciar como a evolución é moi constante, o que significa que o signo negativo do crecemento vexetativo ven provocado por causas estruturais que non están directamente asociadas a eventos puntuais ou situacións conxunturais e que, polo tanto, requirira de medidas estratéxicas de longo prazo para reverter este signo.




Fonte: Elaboración propia con datos do IGE. Movemento natural de poboación

Os problemas de estrutura na pirámide poboacional provocados por esta situación xogan un papel importante na liña da tendencia da evolución poboacional en termos absolutos e, polo tanto, deberán ser estudados e considerados especialmente para establecer estratexias que posibiliten ou favorezan unha recuperación neste sentido.

Basta con ampliar o período de referencia para poder apreciar como é a diminución no número de nacementos o que provoca un crecemento vexetativo negativo dende primeiros dos anos oitenta cando o número de nacementos descende por baixo das defuncións.


Dende a década dos noventa ate o momento actual obsérvase unha constancia mantida nos datos que arrojan un saldo vexetativo que se mantén nunha perda anual media superior aos 100 habitantes por ano.



Fonte: Elaboración propia con datos do IGE. Movemento natural de poboación

Movements migratorios

O estudo dos movementos migratorios permitirá ofrece unha visión máis conxuntural da poboación pero que pode resultar na identificación de tendencias estruturais perniciosas para os intereses da Estrada.



Fonte: Elaboración propia con datos do IGE. Movemento natural de poboación

Observando o carácter positivo do saldo migratorio total, pódese concluír que nos últimos dez anos, ten colaborado para que o decrecemento poboacional non teña sido aínda máis agudo no concello da Estrada.

Porén, a través dunha primeira visión aos lugares de orixe e destino podemos apreciar un primeiro síntoma de debilidade no feito de que o saldo interno (intraprovincial e galego) é moi negativo en todo o período e incluso o é máis se engadimos as migracións ao resto do Estado Español. Polos 1.008 inmigrantes estranxeiros que chegaron á Estrada, 741 estradenses marcharon destino á provincia (115), outras provincias galegas (243) e ao resto de España (383).

Movementos migratorios da Estrada. 1998-2008


	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007
Intraprovincial	-2	-29	-10	13	-15	2	-39	-6	-54	25
Co resto de Galicia	-14	-33	-18	-19	-21	-46	-19	-16	-1	-56
Saldo interno	-16	-62	-28	-6	-36	-44	-58	-22	-55	-31
Co resto de España	-53	-24	-75	-89	-7	-36	-24	-15	-39	-21
Co estranxeiro	74	93	162	77	93	94	117	92	106	100
Saldo externo	21	69	87	-12	86	58	93	77	67	79
Total	5	7	59	-18	50	14	35	55	12	48

Fonte: INE. Estatística de variacións residenciais

Analizando máis pormenorizadamente a evolución dos cifras migratorias segundo os principais lugares de orixe e destino constátase unha perda de competitividade en atractivo residencial da Estrada e da comarca de Tabeirós – Terra de Montes xa que, os saldos migratorios negativos se producen con



respecto a outras comarcas dentro da provincia e respecto a outras provincias, tanto galegas como doutras Comunidades Autónomas.






Fonte: Elaboración propia con datos do INE. Estatística de variacións residenciais

Ao non existiren datos da emigración ao estranxeiro nos anos 1998 – 2001, estes foron estimados a través da media anual do resto do período

A pesares de que os movementos migratorios compensan en parte o saldo vexetativo, non chegan a situalo nunha senda de crecemento positivo. A importancia en termos absolutos da inmigración que chega do estranxeiro vese mermada pola emigración interprovincial, galega e tamén con España, pero en especial, a estrutura poboacional concello da Estrada sofre se facemos unha análise cualitativa das cohortes de idade e perfís da cidadás e cidadáns substituídas.

Estrutura da poboación


Unha análise dos resultados de poñer en común estes aspectos dinámicos estudados. Unha visión estática da poboación en tres momentos (1998, 2003 e 2008) constata unha modificación estrutural no que se refire á poboación que mostra uns efectos sobre os motivos que agudizan a tendencia de decrecemento poboacional e requiren de importantes medidas para encauzar a solución.



Fonte: Elaboración propia con datos do IGE. Padrón Municipal de Habitantes



Os datos son similares aos da comarca de Tabeirós – Terra de Montes e, inda que non presentan unha estrutura tan envellecida como noutras zonas de Galicia, a mocidade perde peso específico na poboación estradense, tal como se pode apreciar no seguinte gráfico.



Fonte: Elaboración propia con datos do IGE. Padrón Municipal de Habitantes

En termos absolutos o avellentamento no último decenio queda reflectido nun incremento de case que tres anos na idade media do concello. Este incremento se reparte equitativamente entre homes e mulleres, aínda que elas manteñen unha idade media case que catro anos superior á dos homes.

Evolución da idade media na Estrada. 1998-2008


	Idade media	Homes	Mulleres
1998	43.2	41.2	45.1
1999	43.7	41.6	45.5
2000	44	42	45.8
2001	44.4	42.3	46.2
2002	44.7	42.6	46.6
2003	44.9	42.8	46.8
2004	45.2	43.1	47.1
2005	45.5	43.5	47.3
2006	45.7	43.6	47.6
2007	46	43.9	47.8

Fonte: IGE. Censos de poboación. Padrón Municipal de Habitantes

Podemos tamén comprobar como, a causa dunha maior esperanza de vida das mulleres, no concello da Estrada, a distribución por sexos non mantén unha pauta estable de reparto nos grandes grupos de

idade, incrementándose grandemente a porcentaxe de mulleres no grupo de poboación maior de 65 anos.


Nunha última aproximación aos indicadores demográficos cabe salienta que, como consecuencia das cuestións mencionadas neste apartado, se produce un importante incremento tanto no índices de envellecemento como no índice de sobreenvellecemento da poboación estradense.



Fonte: Elaboración propia con datos do IGE. Indicadores demográficos.

Nesta mesma liña se produce un incremento no índice de dependencia senil.

Se ben non se produce un nivel de incremento tan importante como nos casos dos índices de envellecemento e sobreenvellecemento, esta evolución ven acompañada dunha característica que é preciso ter en conta nesta análise xa que se mantén o índice de dependencia global arrastrado pola diminución do índice de dependencia xuvenil, o que alerta de posibles acrecentamentos dos problemas no futuro ao estarse a perder masa xuvenil.




Fonte: Elaboración propia con datos do IGE. Indicadores demográficos.

Análise demográfico do casco urbano da Estrada

a) Evolución demográfica

O núcleo urbano da Estrada tivo na última década un crecemento continuo, pasando dos 7495 habitantes aos 9123 habitantes. A poboación incrementouse 1,8 % de media oscilando entre un 4% no período entre o 2008-2009 e un 0,55 % no período 2001-2002. No seguinte gráfico pode verse a recente evolución demográfica.



Fonte: Elaboración propia datos do IGE



	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010
Poboación	7495	7634	7676	7748	8051	8217	8357	8425	8562	8653	9000	9123

Fonte: IGE

Este crecemento demográfico débese fundamentalmente ó trasbase da poboación rural a o casco urbano, convertendo o núcleo urbano da Estrada nun nodo de atracción demográfica. Como se pode ver na seguinte táboa, no 2001 no núcleo urbano da Estrada residían 1047 persoas que procedían de fora do concello, sendo un 10% poboación estranxeira. Isto significa que o poder de atracción da vila non só se reduce ao termo municipal senón que supera as fronteiras do concello.

	Totais	Nacionais	Estranxeiros
Inmigrantes no casco urbano	1047	949	98


Fonte INE 2001

b) A Estructura da poboación

A seguinte pirámide de poboación mostra unha forma en funa propia das sociedades desenvolvidas. As pirámides en funa son características dunhas sociedades envellecidas onde a poboación adulta ten un maior peso que a poboación nova (<18 anos), normalmente predominan o grupo de mulleres, debido á maior esperanza de vida. O estreitamento da base orixínase á redución do número de nacementos, a pesar diso observase un suave incremento no último quinquenio. Esta evolución positiva débese o gran número de poboación en idade fértil que pronostica un leve crecemento vexetativo.

Os estratos de maior peso localízanse entre os 25 e os 40 anos, os cales se corresponden en maior medida cos nados a finais da ditadura franquista que coincide coa última xeración do baby boom en España. As diferenzas tan notables co resto dos grupos débese polo poder de atracción da vila acollendo persoas que demandan os servizos urbanos da Estrada.

A distribución por sexos observase un maior peso do grupo feminino, especialmente nos estratos de maior idade.



Fonte Elaboración propia, datos do INE.Censo 2001



c) Conclusións

O casco urbano da Estrada caracterízase por un crecemento demográfico baseado nun saldo migratorio moi positivo e nun leve crecemento vexetativo. O movementos migratorios son o verdadeiro alicerce da dinámica poboacional da vila da Estrada.

Sociedade


Afróntase a caracterización da sociedade estradense partindo da análise da renda como variable chave de partida que levará a análise cara atrás de forma que dende o resultado actual se poidan identificar causas orixinarias sobre as que traballar.

Partir dende a perspectiva do acceso á renda verase como esta capacidades está afectada polas posibilidades laborais en primeira instancia e como aspecto máis destacable, pero tamén polo nivel de educación ou formación, a saúde, as condicións sociais e de sociabilidade, o acceso a unha vivenda comfortable.


Estrutura social

A pesares de que os datos do último censo están xa un pouco lonxe no tempo, a continuación se presentan unha serie e gráficos referidos ao estado civil da poboación e á ocupación dos fogares, como marco básico de referencia para unha aproximación á estrutura social do concello da Estrada.

Utilizando como referencia a situación persoal pódese atisvar unha idea da estrutura relacional no concello. Isto complementado coa distribución dos fogares por número de ocupantes permite establecer un marco para o entendemento da realidade estradense que permitirá a formulación de propostas máis axeitadas para a consecución dos resultados que se precisan na liña dunha dinamización socioeconómica que traia aparelado un incremento da calidade de vida.



Fonte: Elaboración propia con datos do INE. Censo 2001.




Fonte: Elaboración propia con datos do INE. Censo 2001.

Polo que respecta á ocupación das vivendas segundo numero de residentes compre destacar que o cálculo do tamaño medio do fogar arroxa un resultado de 3,1 (INE. Censo 2001), dato moi alonxado



tanto da realidade como das intencións actuais de acadar unha cifra menor que posibilite unha senda de recuperación poboacional.



Fonte: Elaboración propia con datos do INE. Censo 2001.

Renda

Como se ven de dicir, a renda é unha variable fundamental ante calquera análise de cohesión social polo alto grao de interdependencia e afectación para coas demais variables. Unha maior cantidade de renda dispoñible, afecta positivamente en todas as demais variables pero unha distribución concentrada pode anular este efecto positivo chegando, no extremo, a situar unha parte de poboación estradense en situación de risco de exclusión social por causas asociadas á renda.

O último dato do indicador municipal de renda dos fogares (IGE 2002) sitúa á Estrada por baixo da media da provincia de Pontevedra (99%) e un pouco máis lonxe da galega que se utiliza como base neste cálculo.


Indicador municipal de renda. 2002	
Indicador municipal da renda dos fogares	97
Número de orden	65

Fonte: IGE. Indicador municipal da renda dos fogares

Esta posición relativa en canto á renda sitúa ao concello da Estrada no lugar 65 entre o total dos concellos de Galicia.



Na perspectiva do benestar social do concello analizada a través da renda, é preciso afondar na perspectiva da exclusión social por motivos desta variable fundamental para a vida actual. Para valorar os riscos reais de exclusión utilizaranse os datos da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA) e as Axudas para situacións de Emerxencia Social (AES).



Fonte: Elaboración propia con datos do CASERL facilitados polo IGE.

Outra compoñente a estudar respecto das posibilidades de exclusión social por causa de inaccesibilidade á renda é o número de beneficiarios de pensións non contributivas da Seguridade Social.

Pensións non contributivas por tipo e sexo									
	Total			Homes			Mulleres		
	Tot	Inv	Xub	Tot	Inv	Xub	Tot	Inv	Xub
2005	495	169	326	157	64	93	338	105	233
2006	477	163	314	154	65	89	323	98	225
2007	488	174	314	151	65	86	337	109	228

Fonte: Vicepresidencia da Xunta de Galicia facilitados polo IGE.
tot-totais | inv-invalides | xub-xubilación

Atendendo á distribución de pensións non contributivas, o máis salientable é a importancia das mulleres no peso global de beneficiarias deste tipo de pensións. Isto está unha vez máis, ten a súa orixe na estrutura da poboación que se analizou en apartados anteriores onde a muller gaña peso porcentual no total da poboación a medida que ascendemos nos rangos de idade.



Porcentaxe de poboación beneficiaria de pensións contributivas


	2005	2006	2007
Galicia	1.91%	1.88%	1.83%
Pontevedra	1.81%	1.77%	1.76%
Tabeirós-Terra de Montes	2.13%	2.08%	2.10%
Estrada, A	2.26%	2.18%	2.23%

Fonte: Vicepresidencia da Xunta de Galicia facilitados polo IGE.


Os datos revelan que no municipio da Estrada rexístranse máis pensións en termos relativos de poboación que en Pontevedra e para o global da Comunidade autónoma. Dado o importante peso da Estrada na comarca, Tabeirós – Terra de Montes, presenta datos na mesma liña que os do concello cabeceira comarcal.

Por outra banda, tanto os datos para Pontevedra como para Galicia presentan unha diminución en termos absolutos (número de beneficiarios) como en relativos (% da poboación que recibe a prestación). No caso da comarca de Tabeirós – Terra de Montes e no concello da Estrada se produce unha diminución en termos absolutos pero que non ten a mesma evolución en relación ao total da poboación.

Se ben do 2005 ao 2007 se produce unha diminución, no caso da Estrada e a comarca, no período 2006-2007 se recuperan posicións volvendo a gañar peso a poboación do concello que recibe pensións non contributivas.



Fonte: Elaboración propia con datos da Vicepresidencia da Xunta de Galicia facilitados polo IGE.



Fonte: Elaboración propia con datos da Vicepresidencia da Xunta de Galicia facilitados polo IGE.

Mercado de traballo

Ao relacionarmos a poboación coa actividade económica, destaca o elevado volume de poboación inactiva que chega a acadar, unhas décimas por riba do 51% da poboación total. Este dato queda por riba das cifras segundo o Censo de Poboación e Vivendas do 2001 do INE que lle da a Pontevedra unha poboación inactiva de 46,3% e chega ao 49,3% para o conxunto de Galicia.

Relación coa actividade económica da poboación da Estrada

	Total	Homes	Mulleres
Total	19.458	9.017	10.441
Poboación activa	9.478	5.594	3.884
<i>porcentaxe</i>	<i>48.71%</i>	<i>62.04%</i>	<i>37.20%</i>
Ocupados	8.445	5.138	3.307
Parados	1.033	456	577
Buscan primeiro emprego	225	62	163
Traballaron antes	808	394	414
Poboación inactiva	9.980	3.423	6.557
<i>porcentaxe</i>	<i>51.29%</i>	<i>37.96%</i>	<i>62.80%</i>
Xubilados	4.753	2.151	2.602
Pensionistas	1.214	391	823
Estudantes	1.605	674	931
Tarefas do fogar	2.215	81	2.134
Outra situación	193	126	67

Fonte: INE. Censo poboación e vivendas 2001




Considerando esta circunstancia compre afondar nesta cuestión e rapidamente podemos observar como o peso fundamental desta cantidade de poboación inactiva recae no elevado volume de xubilados da Estrada que cun total de 4.753 representan case que a metade da poboación activa seguira de lonxe polas persoas adicadas as tarefas do fogar e máis de lonxe aínda estudantes e pensionistas.

Nesta primeira visualización destaca tamén a composición eminentemente masculina da poboación activa. Dende a perspectiva do sexo, constátase a persistencia dunha estrutura tradicional con roles claramente diferenciados entre homes e mulleres.

Este fito vaise replicar na configuración do empresariado, pero este punto será analizado con algo máis de detalle na análise económico -empresarial que se fará a continuación.

Polo que respecta á poboación ocupada segundo o sector de actividade pódese apreciar o peso destacado que xoga o sector servizos con máis do 50% da poboación ocupada nese sector, seguido pola industria e a construción, e non moi alonxado o sector da agricultura, gandería, caza e silvicultura.

Fonte: Elaboración propia con datos do INE. Censo 2001.



Nos últimos anos a evolución do paro non presenta alteracións significativas da estrutura do mercado laboral no concello da Estrada.


Cifras de paro por sectores de actividade

	2005	2006	2007	2008
Paro total	1.132	1.127	1.050	1.143
Agricultura/Pesca	16	19	21	27
Industria	152	157	148	183
Construción	138	137	122	159
Servizos	562	561	522	548
Sen emprego anterior	264	253	237	226


Fonte: Consellería de Traballo.



O que si compre mencionar e nunha reflexión que se pode extraer da análise da estrutura por sexo. Neste caso, novamente a muller sae mal parada na comparación xa que máis do 61% dos parados do concello da Estrada son mulleres, manténdose esta diferenza aproximada en tódolos sectores de actividade a excepción da construción.



Fonte: Elaboración propia con datos do INE. Censo 2001.



Fonte: Elaboración propia con datos do INE. Censo 2001.

Educación e formación

Coñecer o papel da formación a nivel local e a estrutura formativa do concello da Estrada pode servir de axuda á hora do deseño de directrices a todos os niveis, para o establecemento dunha estratexia de dinamización socioeconómica.




Ao respecto do seu entorno máis inmediato, A Estrada presenta un nivel educativo relativamente baixo concentrando a máis da poboación entre quen non completou o ensino básico e quen conta exclusivamente con esa titulación (59,9%). Porén, en termos de analfabetización e poboación con menos de 5 anos de escolarización, os datos son mellores que para a provincia de Pontevedra e para o conxunto da Comunidade Autónoma.

Poboación segundo o nivel de estudos. 2001

	Galicia	Pontevedra	Tabeirós Terra de Montes	Estrada, A
Non sabe ler ou escribir	2.05%	1.82%	1.27%	1.27%
Menos de 5 anos de escolarización	16.33%	13.03%	17.22%	14.66%
Sen completar Bacharelato elemental, ESO ou EXB	26.60%	28.31%	35.81%	35.92%
Bacharelato elemental, ESO ou EXB completo	25.09%	27.16%	22.95%	24.04%
Bacharelato superior BUP/LOXSE, COU/PREU	11.25%	11.26%	9.60%	10.59%
FPI, FP grao medio, Oficialía industrial	3.33%	3.47%	1.84%	1.94%
FPII, FP grao superior, Mestría industrial	4.61%	4.77%	3.61%	3.50%
Diplomatura, Arquitectura, Enxeñería Técnica	5.39%	5.14%	4.45%	4.72%
Licenciatura, Arquitectura, Enxeñería Superior	5.00%	4.79%	3.20%	3.28%
Doutoramento	0.34%	0.26%	0.06%	0.06%

Fonte: Elaboración propia a partires de datos do Censo 2001. INE.

Constátase unha vez máis que existe unha clara desigualdade no acceso á formación por sexos, sendo as mulleres as que teñen un nivel de estudos máis baixo e porcentualmente unha maior taxa de analfabetización.




Fonte: Elaboración propia a partires de datos do Censo 2001. INE.




No momento da realización do Censo 2001, cando se afronta a análise do alumnado que estaba a cursar os seus estudos observábase unha tendencia moi positiva para reverter esta situación que previsiblemente será contrastada nos datos do próximo censo. O feito é que o volume de estudantes que estaban a cursar unha carreira universitaria era considerablemente superior á rexistrada en Pontevedra e Galicia, co que non só está previsto que teña provocado unha modificación estrutural interna no nivel formativo do concello da Estrada, senón que o predispón a situarse nunha situación vantaxosa polo que se refire á capacitación do seu capital humano tanto respecto á provincia como no global galego.

É salientable que nesa previsible modificación estrutural revertese a situación de desvantaxe das mulleres, sendo elas as mellor situadas en canto a formación en curso en case que todos os niveis (excepción da Formación Profesional de Grao Medio ou equivalente).



Fonte: Elaboración propia a partires de datos do Censo 2001. INE.

Polo que se refire ao tipo de estudos apréciase que a veciñanza opta principalmente por cursar estudos relacionados coas ciencias sociais seguido polos estudos técnicos ou industriais.



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Censo 2001. INE.

Compre finalizar este apartado da formación a facendo mención aos Plans de Formación e Inserción Profesional levados a cabo polo concello da Estrada como ferramenta para desenvolver capacidades profesionais que foron abrumadoramente aproveitados pola poboación feminina contribuíndo deste xeito á unha incorporación das mulleres son unha menor formación ao mercado laboral.

Vivenda

Ao igual que nos demais casos considerados de variables sociais, a vivenda é un dereito de toda a poboación.

Pero indo máis aló, e considerando os intereses do concello da Estrada e dos seus factores económicos, a satisfacción deste dereito a unha vivenda digna ten unha influencia decisiva noutras importantes variables representativas para a cohesión social. Deste xeito, deberíase recoñecer a vivenda como unha das claves para a loita contra os fenómenos da pobreza e a exclusión social, pero tamén como ferramenta para un desenvolvemento económico.

Esta ligazón entre unha vivenda confortable e a eficiencia económica pódese trasladar a través da idea de considerar a vila como unha vivenda e outorgándolle ao urbanismo a responsabilidade de deseñar un espazo atractivo onde se favoreza o desenvolvemento do día a día da veciñanza e se facilite o desenvolvemento das súas inquiredanzas e habilidades.



Sanidade

Unha boa asistencia sanitaria, ao igual que un medio ambiente seguro, son elementos básicos do progreso social.

A cobertura sanitaria dunha comunidade é outra das principais variables para a cohesión social. Non é sustentable un crecemento que poña en perigo a saúde da poboación nin tampouco un crecemento a costa da redución de prestacións sanitarias ou na que se detecten desigualdades no acceso á sanidade.

Ante o deseño don plan de desenvolvemento, é preciso considerar as necesidades en termos de saúde e para elo pode ser unha mostra inicial o mantemento ou mellora dos recursos humanos sanitarios dispoñibles para a atención primaria da poboación.

Recursos humanos en atención primaria

	2008
Médico xeral	22
Ats/due	24
Auxiliar de enfermería	4
Celador	8
Función administrativa	7
Asistente social	1
Farmacéutico	1
Fisioterapeuta	3
Matrona	2
Odontólogo	1
Pediatra	3
Psicólogo	0
Técnico especialista	1

Fonte: Consellería de Sanidade. Guía de servizos.

Participación social

No modelo de concello que se está a deseñar a través do novo Plan Xeral de Ordenación Municipal, a implicación e integración de tódolos axentes sociais xoga un papel definitivo.

Unha vila para a cidadanía e a veciñanza só se pode facer dende as bases, escoitando e favorecendo a participación organizada da sociedade estradense sobre as temáticas do seu interese pero tamén a través da implicación no día a día das decisións públicas ou privadas que lles poden afectar.

A integración dun proceso de Axenda 21 Local cos seus foros de participación perfectamente activados debería ser considerado como unha oportunidade estratéxica de implicación da veciñanza na construción dunha identidade común que non podería ser suplantada en competencia por outros lugares do entorno.



Novas tecnoloxías

As tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) levan na actualidade unha traxectoria imparabile que está a condiciona- las relacións económicas e sociais.

Cómpre abordar este tema cunha visión ampla e entende-la sociedade da información como unha nova cultura, unha nova forma de organización socioeconómica baseada na capacidade case ilimitada para xerar e acceder á información, que se manifestará na súa verdadeira dimensión cando chegue a constituír unha alternativa de desenvolvemento económico na Estrada.

A Estrada debe seguir a apostar pola “creación dunha comunidade virtual que aglutine todos os estradenses e os seus procesos, para a xeración de riqueza no ámbito local, tanto cultural coma social, a promoción de proxectos empresariais ligados ás novas tecnoloxías, así como a dinamización laboral da Estrada baseándose en medios electrónicos.” (obxectivo do programa para a dinamización social para a sociedade da información de aestradaixital.com).

Cultura e lecer

Un dos principais valores cos que conta A Estrada para o seu desenvolvemento endógeno, parte da posta en valor da súa propia identidade.

A cultura e o tempo de lecer da veciñanza deben atopar unha resposta no seu propio concello na liña de acadar unha capacidade propia do concello da Estrada para satisfacer as demandas socioculturais das súas xentes e aproveitar ao mesmo tempo, para acadar unha grande implicación a través da difusión da súa identidade e facendo forza nas súas singularidades propias nas que non ten, nin poderá ter competencia algunha.

Non se deberá minusvalorar o importante papel que podería xogar a identificación da Estrada como un centro de lecer cunhas características propias e determinadas, que non só satisfaría as necesidades propias da veciñanza senón que podería resultar un atractivo no que A Estrada, tendo en conta os seus importantísimos recursos naturais, ten unha grande capacidade de competencia e un mercado potencial moi próximo, tanto na mesma provincia (Pontevedra e Lalín) como en Santiago de Compostela.


Economía

A estrutura económica da Estrada ven marcada pola produción en cada un dos sectores, a ocupación e o número de empresas ou explotacións. Neste sentido

Sector primario

O concello da Estrada conta cunha significativa actividade económica rural asociada ás actividades agropecuarias, mais a presenza dun núcleo urbano cabeceira de comarca, capital do municipio e con fortes ligazóns con Pontevedra e sobre todo con Santiago de Compostela, fai que A Estrada non poda ser considerado un concello rural en sentido estrito.

Se ben se pode apreciar unha dinámica regresiva do número de explotacións agrarias e a porcentaxe de Superficie Agraria Útil (SAU) tense reducido na ultima década, os usos do solo seguen a responder ás lóxicas de aproveitamento agropecuario que ten un carácter estratéxico no concello.




Fonte: Elaboración propia con datos da Consellería do Medio Rural. Anuario de estatística agraria 2005

Esta estrutura moi xeneral dos usos do solo permite atisvar unha repercusión directa na conformación da paisaxe e na estrutura dos asentamentos da poboación no rural e da propia estruturación do territorio.

Desta SAU, unha grande parte está adicada á produción de alimentos para o gando vacún que, no subsector gandeiro, é o de maior relevancia no concello da Estrada representando case que o 60% de toda a cabana gandeira no concello despois duns anos de diminución deste peso relativo dende algo máis do 84% no período 2001-2003.

Tamén se pode apreciar unha diminución no número de vacas que poden ter algunha relación co mal das vacas tolas de primeiros anos do milenio. Porén, esta importante diminución que se pode apreciar non ten unha repercusión directa no número de explotacións en parte pola substitución de vacún por outros bovinos que no 2005 provoca un repunte no total da cabana ate as 8.721 cabezas de bovino



Fonte: Elaboración propia con datos da Consellería do Medio Rural. Anuario de estatística agraria 2005

Industria e construción

As actividades relacionadas coa construción e a industria xogan un papel fundamental na estrutura económica do concello da Estrada, porén no período 2003-2008 prodúcese unha variación da actividades industriais (incluída a construción) que contrae estas ramas de actividade nun 1,7%.

Actividades de industria e construción	475
Actividades industriais	226
Enerxía e auga	3
Extracción y transformación minería enerxía e derivados; industria química	26
Industrias transformadoras de metais; mecánica de precisión	36
Industrias manufactureiras	161
Actividades construción	249
Variación actividades industriais 03-08 (%)	-1,7

Fonte: Centro de estudos de La Caixa. Anuario Económico de España 2009.

Pola súa parte o auxe da construción nos últimos anos tivo unha importancia significativa como actividade produtiva na Estrada, non só pola súa contribución directa senón tamén polas actividades asociadas que nos últimos anos se xeraron ao seu carón. Así aos aproximadamente 1.500 empregados na construción habería que engadir os empregos das empresas subministradoras e de servizos asociados neste nicho de emprego.



Pola súa parte, a base puramente industrial da Estrada está conformada por unha rede de pequenas e medianas empresas que deseñan unha rede que ofrece unha certa estabilidade baseada nunha actividade non concentrada na titularidade das industrias e empresas.

Se ben a actividade non se concentra en termos de titularidade, as industrias manufactureiras son as que teñen máis importancia no tecido local. En especial aquelas especializadas na rama da madeira e o moble.


A meirande parte destas empresas se localizan nas inmediacións do casco urbano, polo que unha ordenación apropiada para estas actividades permitiría compatibilizar as súas necesidades de desenvolvemento e expansión coa propia dinámica do núcleo urbano a prol dunha mellora da habitabilidade.

Esta actividade relacionada co moble e a madeira xoga un papel fundamental na socioeconomía e na propia identidade do concello da Estrada, e como tal debe ser considerada no deseño de estratexias de futuro.

Sector terciario

O sector terciario tamén ten unha grande importancia na Estrada cun número representativo de actividades no sector comercial e da restauración Isto ven asociado ao seu carácter de cabeceira comarcal que da cobertura de bens e servizos, en especial a Tabeirós – Terra de Montes, pero tamén representativa para o norte da provincia de Pontevedra.

A oferta comercial minorista localizado no centro urbano é un elemento fundamental nesta dimensión. A estratexia comercial da Estrada debe pasar por ter especial consideración a este sector de actividade que no período 2003-2008, a pesares de perder un 1,2% de actividade, mantense moito mellor que o sector maiorista que se deixou case un 14% da súa actividade baseada no comercio de produción agraria e no comercio interindustrial.



Fonte: Centro de estudos de La Caixa. Anuario Económico de España 2009.



Pola súa banda, non se pode rexeitar o importante papel que as actividades do tempo lecer asociadas á restauración e os bares teñen no conxunto da actividade económica municipal. Non só o seu volume de actividade (máis de 170 establecementos) senón tamén o feito de que, dentro do sector terciario, a rama da restauración e dos bares foi a única que creceu nun período particular como é o 2003-2008, cun incremento de máis dun 1% na súa actividade.

En certa maneira ligado coa restauración e os bares, merece unha especial mención o turismo que se consolida como un dos eixos cunha maior potencialidade estratéxica no futuro da Estrada. Un turismo especializado baseado na posta en valor da propia identidade estradense pode facer do concello un referente sen competencia considerando a enorme calidade dos seus recursos naturais e patrimoniais, tanto materiais como inmateriais.

O carácter estratéxico do turismo para o futuro da Estrada, debe permitir continuar co impulso que nos últimos tempos tivo o sector na liña dunha especialización competitiva baseada na diferenciación e na calidade.

Demografía empresarial


Nos últimos anos ten crecido de xeito constante e nun volume importante o número de empresas con actividade no concello da Estrada. Isto é síntoma do dinamismo económico que o propio concello leva e que pode ser potenciado na liña dunha mellora estrutural do mercado laboral e da importancia relativa dos sectores de actividade para outorgar unha maior estabilidade e capacidade de desenvolvemento á economía estradense.

Empresas con actividade na Estrada

1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007
1.384	1.420	1.411	1.441	1.489	1.558	1.631	1.667	1.708

Fonte: IGE. Explotación do directorio de empresas e unidades locais.


Este incremento constante ven producido por un discorrer paralelo nos datos de altas e baixas de empresas. Neste senso, o camiño polo que se deben orientar as actuacións de futuro é o de facilitar a durabilidade das iniciativas e tentar de manter os ratios de crecemento nas altas namentres se deseña un marco estable e atinado para a non destrución de empresas.



Fonte: IGE. Explotación do directorio de empresas e unidades locais.

Sector público

Polo que respecta á participación do sector público, en concreto do Concello da Estrada, na economía municipal, pódese apreciar un constante crecemento no gasto municipal, principalmente asociado aos gastos en bens correntes e servizos, que son os máis susceptibles de provocar unha dinamización directa sobre a actividade económica local.



Fonte: Elaboración propia con datos do Ministerios de Facenda



Diagnose da situación de partida

O principal problema socioeconómico do Concello da Estrada é, sen lugar a dúbidas, a perda paulatina de poboación. Asociado a esta perda de poboación, a preponderancia na comarca vaise diluíndo en favor doutros núcleos na provincia como Lalín e Pontevedra ou de Santiago de Compostela fora da provincia.

Analizados os instrumentos de medida demográfica, apréciase como é notoria a afección da redución da natalidade no concello da Estrada e o progresivo avellentamento da súa poboación.

Esta perda de poboación, que inicialmente se da pola emigración de cercanía por motivos económicos provoca, co tempo, un importante desaxuste na estrutura poboacional máis de fondo que conleva, á súa vez, un deterioro acelerado desta variable chave para o desenvolvemento.

Entre as causas de fondo pódese apreciar que a ausencia dunha especialización do concello cunha perspectiva global favorece esta deslocalización xa que, nunha estrutura socioeconómica que trate de replicar as tendencias de desenvolvemento que se dan no resto do seu entorno, o concello da Estrada afrontará unha relación de competencia en condicións moi desfavorables dada a relativa especialización dalgúns dos principais focos atractores dos seus arredores.

Porén, esta mesma circunstancia é a que da lugar á existencia de importantes sinerxías e necesidades asociadas que estes polos de atracción especializados non están en condición de satisfacer, e é neste campo onde A Estrada ten un percorrido importante que facer se o seu obxectivo é o de recuperar poboación e centrar o seu desenvolvemento na oferta de calidade de vida e desenvolvemento económico non competitivo co seu entorno, que está máis e mellor preparado para elo.

Nas tendencias descritas subxace un fenómeno que e preciso asumir e atallar ante o deseño dunha estratexia de dinamización socioeconómica do concello da Estrada. Trátase de identificar e solventar a causa dos movementos poboacionais, moito máis que a propia dinámica de nacementos e defuncións, que os resultados no concello arrojan unha perda constante de poboación na última década.

A estrutura do concello da Estrada ten como resultado un concello eminentemente feminino que non está a adaptar as súas estruturas socioeconómicas a esta realidade. Neste sentido a maior das preocupacións que se deben afrontar teñen que ver coa modificación cara a preponderancia do papel que debe xogar a muller no concello da Estrada, en especial no que se refire ao mercado de traballo.

O potencial formativo e ocupacional que da comarca pode supoñer un pulo socioeconómico de primeira orde se se consegue manter un desenvolvemento eficiente, tanto dos programas como da inserción das e dos participantes nos mesmos.

En termos económicos, faise preciso que o concello da Estrada busque o seu modelo de desenvolvemento endógeno baseado nas súas grandes potencialidades para poder comezar a ubicarse nun lugar de liderazgo propio na comarca e de complemento diferenciado das realidades socioeconómicas circundantes.



Competitividade e complementariedade do concello

O concello da Estrada e a comarca de Tabeirós – Terra de Montes representa unha grande superficie rural próxima á área metropolitana de Pontevedra - Vigo dentro da súa mesma provincia e á de Santiago de Compostela xa na provincia da Coruña.

A vila da Estrada, ademais da capitalidade municipal, é a cabeceira comarcal de Tabeirós – Terra de Montes, concentrando a rede de servizos e a maior oferta comercial, creando así dinámicas e fluxos de intercambios dentro da comarca, e desta cara fóra, principalmente con Santiago de Compostela e Pontevedra.

A Estrada conta cunha serie de características xeolóxicas e edafolóxicas que deron lugar á formación de solos cun desenvolvemento importante que determinan unha boa capacidade agraria así como unha potencialidade para o desenvolvemento de gandeiría de leite e de horticultura.

Ademais, os condicionantes orográficos e xeomorfolóxicos ocasionan un clima de temperaturas suaves e uns índices de precipitacións axeitados, como para favorecer aínda máis as potencialidades anteriores, que favorecerían a posibilidade da diversificación económica e a potencialización do sector primario.

A Estrada conta cunha moi elevada calidade ambiental, resulta do interese da biodiversidade potencial que concentra. Esta realidade pódese apreciar na cantidade e calidade de hábitats e áreas de interese coas que conta o concello que representan unha enorme potencialidade de posta en valor dende a industria agroforestal e outras actividades relacionadas coa natureza compatibles.

Entre estes elementos, o concello da Estrada débese esforzar por atopar as súas vantaxes competitivas respecto do seu entorno e poder aproveitar as sinerxías e complementariedade para cos concellos e comarcas limítrofes que, dada a súa privilexiada situación centro-atlántica, son algunhas das áreas de maior dinamismo socioeconómico en Galicia.

Fortalezas e oportunidades

Algunhas das singularidades competitivas quedan reflectidas entre os seguintes puntos que presentan datos obxectivos e criterios para facelos máis favorables no camiño da dinamización socioeconómica da Estrada:

- A posibilidade de diversificación e ampliación da oferta de actividades económicas con potencialidade de seren implementadas no medio rural baseadas na valorización directa (agropecuaria, silvicultura,...) ou indirecta (lecer, turismo,...) dos recursos propios existentes no medio rural ou a través do aproveitamento das TIC.
- A consolidación do concello da Estrada como capital do móbile, non só de Galicia senón con posibilidades reais de liderado da EuroRexión Galicia – Norte de Portugal.



- Para isto é preciso pechar o ciclo de desenvolvemento do mole podendo implicar I+D+i que permita o aproveitamento do capital humano e abra novas posibilidades para unha mocidade da Estrada altamente preparada.
- A localización da Estrada entre varios focos de desenvolvemento como son Lalín (industrial), Pontevedra (urbano-comercial), Santiago de Compostela (político - administrativo), posibilita o aproveitamento dunha demanda colateral xerada nestes núcleos que, dadas as súas características tan específicas non teñen a posibilidade de satisfacer.
- Esta ubicación xeográfica do concello xunto coa mellora dos medio de transporte, especialmente coa chegada do tren de Alta Velocidade a Galicia, resulta nunha grandísima oportunidade para o concello da Estrada que, dada a súa situación que permite beneficiar das liñas de curto prazo (AVE a Madrid) de medio (AVE Portugal) ou incluso de longo prazo (AVE Cantábrico).
- O potenciamento do porto de Vilagarcía dentro da rede de autoestradas do mar supón novamente unha posibilidade de apertura e diversificación da economía da Estrada sustanciada no mole como eixo estratéxico da economía estradense.
- A satisfacción das necesidades para unha economía baseada no coñecemento require dun deseño urbano e un aproveitamento urbanístico que incremente a calidade de vida individual e social e favoreza o intercambio.
- Este deseño urbano que se fundamenta no posta en valor do mole como elemento estratéxico do concello, permite atraer determinados segmentos de poboación asociados a actividades económicas intensivas en tecnoloxías da comunicación, a información e o coñecemento.
- Equilibrio en termos de calidade de vida e servizos entre medio rural e o medio urbano que poida conter os movementos do rural ao urbano que contribúen ao desequilibrio que se constata en Galicia como un problema fundamental de cara ao futuro.
- As características do territorio da Estrada posibilita unha grande oferta rural e de calidade enfocada cara unha oferta non satisfeita no entorno, para o lecer cotiá (turismo local) ou para a puxanza por un turismo de vangarda en relación coa natureza.

Directrices para o desenvolvemento socioeconómico

Ao longo do presente estudo socioeconómico tense observado a premisa de considerar á poboación no centro do planeamento estratéxico, de modo que o desenvolvemento do Concello da Estrada estea intimamente ligado ao desenvolvemento cuantitativo (en número de habitantes) e cualitativo (en calidade de vida) da súa cidadanía ate o punto de que se debe entender que a evolución das variables socioeconómicas está intimamente ligada á estrutura e volume de poboación no territorio.



É precisamente nesa estrutura de poboación onde a evolución do Concello da Estrada presenta un problema que fai necesaria unha ordenación deseñada para conseguir reverter esta situación.

Conseguir un cambio nas tendencias das variables que configuran a poboación é un grande reto para garantir a propia viabilidade do concello e unha eventual recuperación e desenvolvemento socioeconómicos.

Nesta liña, esbozaranse a continuación unha serie de pautas estratéxicas baseadas no aproveitamento do entorno estradense, centradas na súa veciñanza e que perseguen un obxectivo claramente identificado: a recuperación de poboación en termos absolutos e sentando as bases dun desenvolvemento estrutural a través da calidade.

Contextualización da problemática da situación socioeconómica

O Concello da Estrada e a comarca de Tabeirós-Terra de Montes representa unha grande superficie rural próxima á área metropolitana de Pontevedra - Vigo e á de Santiago de Compostela xa na provincia da Coruña.

A vila da Estrada, ademais da capitalidade municipal, é a cabeceira comarcal de Tabeirós-Terra de Montes, concentrando a rede de servizos e comercios, creando así dinámicos e fluxos de intercambios dentro da comarca, e desta cara fóra, principalmente con Santiago de Compostela e Pontevedra.

O primeiro que compre destacar das conclusións tiradas da análise da realidade socioeconómica, é unha clara tendencia decrecente da poboación que vai perigosamente acompañada dunha debilitación estrutural asociada ao avellentamento do concello da Estrada. Asociado a esta perda de poboación, a preponderancia na comarca vaise diluíndo en favor doutros núcleos na provincia como Lalín e Pontevedra ou de Santiago de Compostela fóra da provincia.

Esta perda de poboación, que inicialmente se da pola emigración de cercanía por motivos económicos provoca, co tempo, un importante desaxuste na estrutura poboacional (avellentamento, diminución das taxas de natalidade, incremento das taxas de mortalidade,...) que conleva, á súa vez, un deterioro acelerado desta variable chave para o desenvolvemento.

Entre as causas de fondo pódese apreciar que a ausencia dunha especialización baseada nas potencialidades endóxeas do concello cunha perspectiva global, favorece esta situación xa que nunha estrutura socioeconómica que replique as tendencias de desenvolvemento que se dan no resto do entorno acarrea unha competencia en condicións moi desfavorables para o Concello da Estrada.

Porén, esta mesma circunstancia é a que da lugar á existencia de importantes sinerxías e necesidades asociadas que estes polos de atracción especializados non están en condición de satisfacer. É neste campo, onde A Estrada ten un percorrido importante que facer asumindo o seu obxectivo de recuperar poboación e centrar o seu desenvolvemento na oferta de calidade de vida e desenvolvemento económico non competitivo co seu entorno, que está máis e mellor preparado para elo.



Na liña das posibilidades de aproveitamento endógeno, A Estrada conta cunha serie de características xeolóxicas e edafolóxicas que deron lugar á formación de solos cun desenvolvemento importante que determinan unha boa capacidade agraria así como unha potencialidade para o desenvolvemento de gandeiría de leite e de horticultura. Ademais, os condicionantes orográficos e xeomorfolóxicos ocasionan un clima de temperaturas suaves e uns índices de precipitacións axeitados, como para favorecer aínda máis as potencialidades anteriores, que posibilitarían a diversificación económica e a potencialización do sector primario.

Ademais A Estrada conta cunha moi boa calidade ambiental, resulta do interese da biodiversidade potencial que concentra, debido ás peculiaridades anteriores e a ser unha zona de confluencia entre os sectores Atlántico e Mediterráneo. Esta realidade pódese apreciar na cantidade e calidade de hábitats e áreas de interese coas que conta o concello, principalmente zonas fluviais; pero tamén importantes sectores representativos do piso bioclimático colino galego.

Deseño dunha Estratexia Integral para a Dinamización Socioeconómica da Estrada

Recuperar poboación en termos absolutos é o obxectivo identificado como elemento chave para o desenvolvemento socioeconómico do Concello da Estrada. As actuacións nesta liña, deben ser deseñadas seguindo unhas pautas estratéxicas que senten as bases para acadar un segundo obxectivo fundamental para a consolidación estrutural desta recuperación.

Dende o principio, polo tanto, débese formular unha estratexia integral de dinamización socioeconómica que estableza as liñas de recuperación a través de plans xerarquizados e necesariamente complementarios, sempre ao servizo deste obxectivo último e sentando as bases para a reestruturación socioeconómica e poboacional.

O deseño pormenorizado dunha estratexia que nos permita entrar en ratios de crecemento poboacional debe garantir ao mesmo tempo que se estean a dar os pasos cara unha estabilidade estrutural, que traerá consigo, directa e indirectamente, un desenvolvemento socioeconómico estable e sustentable.

Partindo da caracterización socioeconómica do concello da Estrada e das potencialidades propias para o desenvolvemento, os plans de acción que se deseñen para os obxectivos de recuperación e reestruturación, deben encadrarse, necesariamente, no marco establecido polos tres criterios ou liñas estratéxicas que se mencionan a continuación:

- **Posta en valor dos recursos naturais.** Considerando os importantes recursos naturais presentes no municipio, calquera estratexia global de desenvolvemento debe garantir a valorización directa das potencialidades agropecuarias, da silvicultura, da paisaxe,... pero tamén indirectas a través de novos servizos actuais orientados a unha importante demanda nos veciños mercados potenciais das áreas metropolitanas de Santiago de Compostela e Pontevedra.
- **Garantir uns niveis elevados de calidade de vida tanto individual como social.** Un desenvolvemento socioeconómico baseado nas persoas debe poñer á disposición da cidadanía, as facilidades necesarias para equiparar as comodidades e calidade de vida compatibles cos estilos asociados á posta en valor do propio entorno diferenciador do concello



da Estrada. Dende un punto de vista máis social a vertebración da veciñanza estradense en torno á identidade municipal debe contribuír a un maior dinamismo e cohesión sociais.

- **Diversificación dunha economía especializada.** Identificados os recursos propios sobre os que ten diferenciación competitiva co seu en torno, o concello da Estrada débese especializar na súa posta en valor dende unha perspectiva actual que desenvolva as potencialidades endóxeas do concello e buscando unha diversificación económica vertical que permita engadir valor aos procesos de produción económica.

Fitos da Estratexia Integral para a Dinamización Socioeconómica

Analizada a situación socioeconómica de partida, identifícanse uns fitos polos que é preciso transitar cara un cambio de tendencia en termos de evolución da poboación, a saber, redución das tendencias actuais ate chegar ao punto de inflexión para comezar a partires del á recuperación poboacional e á consolidación da devandita recuperación, apoiada na modificación da estrutura socioeconómica para garantir un desenvolvemento estable e duradeiro.

Para deseñar unha estratexia integral que sexa eficaz, débense considerar as características propias e necesidades de cada unha das fases que levan, da consecución dun fito, ao seguinte. Deste modo pódese axilizar no tempo o paso dunha fase ás seguintes, e polo tanto, axilizar o logro dos obxectivos de recuperación e dinamización pretendidos.

Fito 1. Control das taxas tendenciais

No curto prazo, o primeiro que se fai preciso é controlar a tendencia decrecente actual en termos de cifras absolutas de poboación. Para isto, poderanse concretar estratexias e plans en dous aspectos necesariamente complementarios como son a fixación de poboación da Estrada e as familias estradenses xunto coa atracción de novas veciñas e veciños.

Fito 2. Punto de inflexión

Unha vez controladas as tendencias, cando estean recuperadas taxas positivas da evolución da poboación, producirase un punto de inflexión que requirirá da definición de actuacións máis proactivas, innovadoras e competitivas.

Se na primeira fase as actuacións caracterizaranse fundamentalmente por establecer unha base ordeada e estruturada para o municipio, tras o punto de inflexión, as estratexias que poderán manter os ratios de crecemento teñen necesariamente que incorporar máis coñecemento e identidade xa que, nesta fase, se produce unha concorrência moito máis directa coas propostas e estratexias doutros concellos para acadar os mesmos obxectivos e orientadas cara ao mesmo público. Polo tanto, as liñas polas que debe descender esta fase, deberan



centrarse no aproveitamento das potencialidades endóxeas e diferenciadoras do concello da Estrada.

Fito 3. Recuperación de poboación

Xestionar o crecemento e recuperación de poboación no municipio require dun seguimento minucioso dos pasos que se están a dar en cada momento. Este seguimento debe permitir garantir que as actuacións que provocan esa recuperación non queden en resultados meramente coxunturais e efímeros no tempo.

Se controlar as tendencias da situación inicial é de vital importancia antes de se plantexar obxectivos máis ambiciosos de crecemento e mellora cualitativa, unha vez na fase de recuperación, as modificacións estruturais que se van producir na socioeconomía da Estrada requiren dun control exhaustivo para evitar que se produzan desestabilizacións non previstas que poñan en perigo a propia estabilidade do desenvolvemento.

Fito 4. Consolidación da recuperación

A consolidación da recuperación debe levar asociadas actuacións dentro de plans ou programas estruturais que equilibren os crecementos en función dos elementos estratéxicos para os que se teñen identificadas potencialidades para, deste xeito, contribuír ao desenvolvemento endóxico do concello da Estrada.

Deste modo deberase garantir que cada logro que se acada, non estea a poñer en perigo a propia sustentabilidade do modelo. Xestionar un crecemento equilibrado e dentro dos parámetros previstos, será nesta etapa o reto principal.

Plans de continuidade a implementar para contribuír a Estratexia Integral para a Dinamización Socioeconómica do Concello da Estrada

A duración das fases entre cada un dos fitos desta estratexia integral, vén determinada pola velocidade coa que se produza a evolución pretendida. As actuacións dentro destas fases virán marcadas por unha serie de plans de continuidade que establecerán accións ou propostas concretas e adaptadas ás necesidades de cada momento.

Os plans que se presentan neste apartado teñen unha altísima complementariedade e deben ser entendidos dentro do contexto de interrelacións e sinerxías que estabeza o marco debuxado na Estratexia Integral para a Dinamización Socioeconómica do concello da Estrada.



Considerando os seus efectos cruzados e as interrelacións dos resultados dos uns cos outros, defínense catro eixos fundamentais de actuación que facilitarán a identificación de cada plan co obxectivo primario sobre o que trata de traballar. Estes eixos son:

Poboación. Fixación de poboación propia, atracción de estratos e segmentos poboacionais chave, reestruturación da pirámide poboacional,...

Territorio. Posta en valor dos recursos propios, equilibrio territorial, potenciamento da funcionalidade específica de cada ámbito, vertebración da Estrada na comarca, na provincia e en Galicia,...

Sociedade. Igualdade de oportunidades, garantías sociais, cohesión, identidade, implicación coa sustentabilidade, construción da cidadanía e sociedade estradense...

Economía. Desenvolvemento das potencialidades endóxeas, aproveitamento das vantaxes compartivas, diversificación das actividades,...

En función de onde se centran para conseguir os seus obxectivos, pódense asociar a cada un destes eixos, unha serie de plans de actuación que establezan un marco de continuidade.

Os plans que se presentan a continuación son simples exemplos que poden ser ampliados e mellorados. Son as liñas xerais e os contidos básicos que se describen os que ofrecerán a continuidade que se precisa para articular o proceso de dinamización para o concello da Estrada dentro do que se enmarca este Plan Xeral de Ordenación Municipal como peza de nexo e posibilitadora do resto do proceso.

Eixo 1. Poboación

A poboación debe ser considerada no centro do planeamento estratéxico, xa que o desenvolvemento dun territorio e, en especial do concello da Estrada (segundo o que se ten analizado até o momento) está intimamente ligado á evolución desta variable.

Plan de fixación da poboación local

Este plan, debe contribuír directamente ao obxectivo fundamental de recuperar a poboación en termos absolutos. Unha estrutura urbana e rural ordeada e orientada facilitará a fixación de poboación propia do concello da Estrada. Para isto débese traballar no deseño de medidas relativas ás familias que mellore o seu nivel de vida, de modo que se compensen, a lo menos parcialmente, as dificultades asociadas ao incremento na súa dimensión.

Xogará un especial papel a redución da emigración, centrándose en primeira instancia, en contrarrestar as causas que a provocan a nivel intraprovincial e interprovincial.



As actuacións neste eido deben seguir a liña de:

- Facilitar o acceso a vivenda favorecendo o asentamento ordenado nos núcleos rurais e o acceso á vivenda protexida no núcleo urbano.
- Garantir igualdade de oportunidades para o desenvolvemento individual (educación, emprego, formación profesional, sanidade,...), ben sexa no propio concello ou facilitando o acceso noutros, de forma que se permitan a ida e o regreso dunha maneira na que a vida social se ga a se desenvolver na Estrada.
- Mellorar as condicións de habitabilidade urbana e deseñar espazos de convivencia (tamén no rural) que favorezan o fortalecemento dos lazos sociais.
- Atención ás persoas maiores que garanta tanto unha adecuada calidade de vida como a súa permanencia e das súas familias no medio rural.

Plan de reestruturación demográfica

A inmigración pode xogar un aporte significativo para a revitalización demográfica e o equilibrio territorial. A Estrada debe recuperar o seu carácter natural de centro comarcal para conseguir atraer os movementos migratorios internos.

De modo indirecto, a recuperación poboacional baseada fundamentalmente na redución da poboación en idade de emigrar podería ter implicacións tamén sobre a taxa de natalidade co que os datos poderíanos levar a un crecemento incluso maior. Especialmente a través do fomento do emprego feminino e da mellora do nivel de benestar das mulleres pódese diminuír o proceso emigratorio das mulleres cara a outras comarcas.

Entre outras actuacións poderíamos considerar:

- Unha programación sociocultural atractiva que inclúa a participación activa e implicación en programas europeos de dinamización cultural.
- Promover, en todas as actuacións do concello, a igualdade de xénero xa que a promoción da muller, sobre todo na súa estabilidade laboral, pero tamén na súa representatividade social incide contundentemente nas dinámicas demográficas.
- Favorecer a implicación da mocidade no tecido sociopolítico do concello creando vínculos coa identidade e responsabilidade compartida polo deseño da Estrada.

Eixo 2. Territorio



A ordenación e xestión do territorio xoga un papel fundamental para o éxito de calquera estratexia de desenvolvemento. O difícil equilibrio que é preciso acadar entre o rural e o urbano nun concello como A Estrada é a pedra de toque de este eixo.

Plan de posta en valor dos recursos ambientais

As actuacións emanadas deste plan, non só debían contemplar aspectos de protección ecolóxica senón unha escala máis ampla integrando os elementos e entornos culturais e patrimoniais, o medio ambiente urbano e o control das actividades de empresas, administracións e particulares.

Como exemplos de accións poderíanse considerar:

- Inventario e protección dos valores ambientais, paisaxísticos e patrimoniais procurando manter a súa funcionalidade e favorecendo a súa accesibilidade.
- Deseño de rutas, guías e itinerarios ambientais, culturais, paisaxísticos e de calquera elemento patrimonial do concello para o desfrute das e dos estradenses e a atracción das metrópoles do redor da Estrada.
- Dotación de servizos asociados ás demandas que se pretenden xerar e promoción do aproveitamento terciario.
- Divulgación e difusión dos recursos naturais do concello da Estrada.

Plan de revitalización do medio rural

Entre outras causas máis individuais, as circunstancias sociais e as perspectivas económicas inflúen directamente na decisión de permanecer no medio rural.

A maior parte da poboación que o concello da Estrada vén perdendo tradicionalmente, é poboación rural. A pesares das aparentes dificultades iniciais, é neste medio onde se conta cun maior potencial de recuperación.

O *Plan de revitalización do medio rural* debe ser deseñado acorde a unha realidade actualizada non exclusivamente conservacionista ou tradicionalista, procurando a integración no medio rural de novas actividades e unha ordenación flexible que posibilite a instalación de mozas e mozos neste medio.

Exemplos das actuacións deste plan poderían ser:

- Facilitar o asentamento de poboación moza no medio rural, garantindo o acceso aos recursos que permitan a satisfacción das súas necesidades.



- Fixación da poboación maior e as súas familias no rural garantindo os niveis asistenciais axeitados e adaptados á realidade do rural.
- Diversificación e ampliación da oferta de actividades económicas con posibilidades de seren implementadas no medio rural baseadas na valorización directa (agropecuaria, silvicultura,...) ou indirecta (lecer, turismo,...) dos recursos propios existentes no medio rural ou a través do aproveitamento das TIC.

Plan de humanización urbana

Unha urbanización atractiva do núcleo principal é unha das estratexias clave para o desenvolvemento futuro da Estrada. A propia dinámica poboacional estanos a advertir disto dado que unha boa parte da emigración dase cara zonas con mellores servizos urbanos.

O núcleo principal do Concello da Estrada debería converterse nun verdadeiro núcleo urbano de referencia que actúe como capital da comarca, centralizando os servizos e facendo agradable a socialización e o intercambio cos seus conseguintes beneficios sociais pero tamén económicos.

A reordenación do entorno debe tender cara a unha aposta pola humanización, é dicir, pola creación dun espazo urbano axeitado ás necesidades concretas da cidadanía, cunha preferencia do peón e unha definición dos usos das rúas.

As actuacións neste eido deben seguir a liña de:

- Adaptar o espazo urbano para as necesidades da cidadanía, as e os visitantes, sempre na procura do intercambio que fomente a socialización e a identificación entre a veciñanza.
- Preferencia do peón ou os transportes alternativos ao vehículo privado no interior do núcleo.
- Xerarquización dos desprazamentos e identificación da funcionalidade das rúas.
- Garantir a accesibilidade e o desfrute dos espazos públicos a todos os grupos de idade e coas consideracións especiais para as persoas con mobilidade reducida.
- Adaptación do mobiliario urbano para que cumpra a dobre función da súa utilidade propia e a decoración do espazo público.

Plan de mobilidade

A Estrada está atravesada pola Estrada Nacional 640, que une a vila con Santiago e Caldas de Reis, e no outro sentido con Silleda -Lalín. Por outra banda, conta coa proxección dunha nova



autovía entre a capital galega e a cabeceira municipal, que pode favorecer, en grande medida, o intercambio comercial e de servizos. Porén, existe unha mellorable comunicación viaria intracomarcal e intramunicipal.

Neste contexto faise necesario un plan de mobilidade que complemente e vertebre as sinerxías que se producen coa implementación das directrices que se están a propoñer dentro do marco que debe establecer a Estratexia para a Dinamización Socioeconómica do concello da Estrada.

As actuacións ao respecto da mobilidade deberán desenvolver liñas xa mencionadas nos outros plans propostos pero, en especial polo que respecta exclusivamente á mobilidade poderíanse identificar como bos exemplos:

- Xerarquización dos itinerarios de mobilidade outorgando preferencias a vehículos adaptados ás posibilidades e funcionalidades das rúas e destinos.
- En todo caso débese procurar a priorización dos medios de transporte alternativos ao vehículo privado.
- Promover a intermodalidade e mellorar as conexións e frecuencias con destinos complementarios ás actividades propias do concello da Estrada.

Eixo 3. Sociedade

O eixo sociedade debe pular pola cohesión social e a creación dunha verdadeira identidade compartida, que vincule fortemente á poboación e á actividade socioeconomica co concello e as súas xentes.

Plan de estruturación social

A través deste plan deben ser contempladas as necesidades de colectivos desfavorecidos ou de persoas en situación de risco de exclusión social.

Ademais dos colectivos normalmente identificados, (poboación desempregada, inmigrantes, poboación indixente, minorías étnicas,...), o concello da Estrada debe facer especial fincapé en procurar una igualdade efectiva de xénero e considerar como reto importante a xestión da estrutura dunha pirámide poboacional cun importante avellentamento.

Finalmente este plan debería considerar medidas para a identificación da veciñanza co concello e a creación dunha identidade propia atractiva para a creación de redes sociais que faciliten a fixación de poboación e, no seu caso, incluso a atracción.

Algunhas actuacións neste plan poderían ser:



- Fomento da participación interinstitucional e establecemento de estratexias contra a exclusión social.
- Promover o asociacionismo e promoción dos axentes que prestan atencións sociais.
- Cooperación dos sectores público e privado na integración social.
- Aborda-la exclusión dende unha perspectiva integral.
- Garantir a non exclusión por motivos socioeconómicos e a atención aos grupos de risco.
- Promoción da integración da muller e a mocidade na vida asociativa e política do Concello da Estrada.

Plan de implicación coa sustentabilidade

No marco dunha estratexia global do concello da Estrada, a implicación e integración de tódolos axentes xoga un papel definitivo, polo tanto debemos afrontar o deseño dunha *Plan de Implicación coa Sustentabilidade*, que ademais de capacitar aos axentes de cambio do concello sobre a necesidade da súa contribución para a sustentabilidade global, consiga a execución efectiva desa participación capacitada.

Exemplos das actuacións deste plan poderían ser:

- Actividades de identificación para transmitir a corresponsabilidade no deseño do futuro da Estrada.
- Información e presentación dos traballos e proxectos estratéxicos que están a ser realizados.
- Capacitación da veciñanza para unha participación activa.
- Facilitar espazos de participación social e consulta da cidadanía e veciñanza.

Eixo 4. Economía

Dentro deste eixo de economía, a creación de emprego estable deberá ser un dos obxectivos fundamentais, e deberá estar ligado fortemente coa formación do tecido empresarial e das e dos traballadores.

Plan de desenvolvemento endógeno diversificado



A través deste plan débese procurar un desenvolvemento económico endógeno para posibilitar ofertas especializadas de traballo no propio concello, aproveitando os potenciais mercados das áreas metropolitanas e vilas cun carácter marcado no entorno da Estrada.

Ese desenvolvemento endógeno debería promover, entre outras, as seguintes liñas de actuación baseadas nos recursos que supoñen unha vantaxe comparativa do concello da Estrada no seu entorno:

- Potenciamento do rural a través do aproveitamento directo dos recursos naturais, explotacións agropecuarias, silvicultura complementaria á industria do moble e compatible co aproveitamento cinexético.
- Creación de valor engadido nas actividades directas, como por exemplo a través do potenciamento da agricultura ecolóxica.
- Aposta definitiva pola industria do moble como sector estratéxico do concello da Estrada.
- Busca da complementariedade e as sinerxías existentes das actividades clave para o desenvolvemento económico do concello da Estrada.

Plan de incorporación de valor engadido e I+D+i

A mellora do funcionamento do tecido empresarial da Estrada debe partir da posta en marcha e do apoio ós diversos programas de mellora e investimento en I+D+i e na creación de empresas que completen os ciclos xa abertos nos que A Estrada vén sendo líder tradicional.

- Fechar o ciclo de desenvolvemento do moble implicando I+D+i que permita o aproveitamento do capital humano e abra novas posibilidades para unha mocidade da Estrada altamente preparada.
- Promover o aproveitamento intensivo e o desenvolvemento de iniciativas ligadas á canteiría e a artesanía da pedra.
- Fomentar a formación profesional de alta cualificación nestas e noutras actividades económicas tradicionalmente claves no concello da Estrada.
- Continuar cunha aposta definitiva pola dixitalización e a entrada na sociedade da información e a comunicación a través dos aproveitamentos das TIC.

Folla de ruta da Estratexia de Dinamización Socioeconómica

A modo de resumo, a folla de ruta deseñada para o desenvolvemento económico baseado no aproveitamento e posta en valor das potencialidades e características propias, debería facer pasar ao Concello da Estrada polo seguinte itinerario:



1. Estabilización demográfica

O primeiro paso cara a unha nova dinamización socioeconómica da Estrada deben ser as actuacións para a recuperación de poboación. Neste senso as actuacións sobre o medio rural (onde a perda de poboación vén sendo máis pronunciada) debe estar no centro dos plans e actuacións a levar a cabo.

Estes plans deberán procurar un desenvolvemento baseado nas potencialidades propias do rural e posibilitando unha diversificación actualizada das actividades económicas no mesmo.

2. Recuperación de funcionalidade e representatividade propia

Fixada a poboación propia, o seguinte obxectivo debe ser a atracción de nova poboación nos segmentos determinados da pirámide que posibilite a súa reestruturación.

Para ofrecer un atractivo diferenciador, o concello da Estrada debe centrarse no potenciamento dunha diversificación económica baseada nas vantaxes competitivas cos concellos localizados na súa área de influencia.

A consolidación do concello da Estrada como capital do moble, non só de Galicia senón con posibilidades reais de liderado da EuroRexión Galicia – Norte de Portugal.

As características do rural da Estrada xunto coa súa ubicación próxima a mercados potenciais poden dar cabida ao desenvolvemento dun potente sector de agricultura sustentable que abasteza os mercados das áreas metropolitanas, compatible cunha grande oferta de servizos de calidade no entorno rural.

A localización da Estrada entre varios focos de desenvolvemento como son Lalín (industrial), Pontevedra (urbano), Santiago de Compostela (político-administrativo) posibilita o aproveitamento dunha demanda colateral xerada nestes núcleos que, dadas as súas características tan específicas, non teñen a posibilidade de satisfacer.

Solucionar a mobilidade interurbana, así como a interconexión interna, xoga un papel fundamental. Nesta liña deberase procurar o reforzamento de opcións intermodais para a propia vertebración e comunicación interna do concello e tamén co seu entorno (como mercado potencial das ofertas locais).

3. Desenvolvemento endógeno e mellora da calidade de vida baseada na excelencia dos hábitats urbano e rural

Para fomentar o crecemento e desenvolvemento endógeno é preciso pechar o “ciclo do moble” implicando á I+D+i galega de modo que se produza un aproveitamento máis eficiente do capital



humano, ao tempo que abre novas posibilidades para unha mocidade da Estrada altamente preparada.

A satisfacción das necesidades para unha economía baseada no coñecemento require dun deseño urbano e un aproveitamento urbanístico que incremente a calidade de vida individual e social e favoreza o intercambio.

Este deseño urbano que se fundamenta no posta en valor do moble como elemento estratéxico do concello, permite atraer determinados segmentos de poboación asociados a actividades económicas intensivas en tecnoloxías da comunicación, a información e o coñecemento.

Nesta etapa final é moi importante garantir o equilibrio en termos de calidade de vida e servizos entre medio rural e o medio urbano. É preciso vixiar a estrutura deseñada para conter os movementos non previstos (por exemplo, do rural ao urbano) que no seu momento contribuíron ao desequilibrio que se constata en Galicia como un problema fundamental de cara ao futuro.

Criterios a considerar no PXOM para posibilitar unha evolución socioeconómica vencellada ás directrices

Dende o primeiro momento, o presente estudo socioeconómico pretende facilitar argumentos para a toma de decisións dentro do proceso de elaboración do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM).

Tras a descrición da estratexia para o desenvolvemento socioeconómico do concello da Estrada, establécense unha serie de directrices para facer efectivo ese desenvolvemento. O obxectivo final é o de reverter os principais problemas socioeconómicos do concello e aproveitar ao máximo as súas potencialidades máis diferenciadas.

Para isto, faise preciso establecer unha serie de criterios a considerar na elaboración das propostas do PXOM para garantir que o ordenamento proposto posibilite ou, no seu caso, potencie aínda máis as ferramentas para a consecución dunha mellora efectiva do benestar e a calidade de vida da veciñanza.

Segundo se ten analizado, o principal problema socioeconómico do Concello da Estrada é, sen lugar a dúbidas, a perda paulatina de poboación que ten que ver con dúas causas fundamentais: a emigración nacional, e en moitos casos de proximidade (provincial e autonómica) e un saldo vexetativo negativo ocasionado por unha importante diminución da natalidade.

Asumindo este problema como básico téñense establecido unhas directrices para o desenvolvemento do concello da Estrada que, a través de obxectivos específicos, conseguirán reverter esta problemática global que encamiña ao concello por unha tendencia perigosa.

Nun caso o que se afronta, cunha evolución socioeconómica a seguir unha tendencia decrecente en moitas das súas variables fundamentais, o PXOM ten que se converter nunha ferramenta proactiva para contribuír á consecución dun desenvolvemento socioeconómico.



O Plan Xeral de Ordenación Municipal como ferramenta para o desenvolvemento socioeconómico da Estrada

Para facilitar a implementación das directrices e unha estratexia para o desenvolvemento socioeconómico do concello da Estrada, o PXOM ten que ter en consideración os seguintes criterios encamiñados a favorecer unha ampliación efectiva e eficiente das actuacións que e poidan derivar dos plans de acción sobre as variables socioeconómicas da Estrada.

Segundo se deriva da análise realizada no presente estudo, o primeiro que se debe tentar de atallar é a emigración en xeral, pero en especial en determinadas cohortes de idade e de xeito máis importante a emigración feminina.

Para isto, o PXOM presenta unha estrutura que artella as principais demandas das directrices para o desenvolvemento socioeconómico a través de:


- deseño e creación dunha rede de **espazo público** de calidade que vertebre e articule as relacións no concello,
- **dotacións e servizos** que atendan satisfactoriamente as demandas da poboación e que lle permitan desenvolver as súas capacidades e inquiredanzas,
- favorecemento da implantación e o desenvolvemento das **actividades económicas** estratéxicas dentro do municipio,
- unha oferta equilibrada de **vivenda** que facilite o acceso á mesma, como resposta non só á demanda ou estimacións de crecemento, senón como resposta á creación do modelo de vila que se quere acadar.

Espazo público e sistema xeral de espazos libres

O espazo público debe ser utilizado como vertebrador do territorio conformando un entorno agradable e humanizado que favoreza o intercambio de bens, ideas, coñecemento,... e facilite a interacción veciñal. En definitiva, un espazo público que ofrezca un entorno agradable para vivir e traballar, no que sexa posible desenvolver a actividade diaria en sociedade.

Con esta intención, o PXOM estrutura o territorio do municipio, e en especial o medio urbano, a través dunha grande área de espazos libres e zonas verdes adscritos ós sistemas xerais de dominio e uso público vinculada directamente a ronda verde que percorre o peche do núcleo urbano, que ten por obxecto conformar unha grande área de espallamento que acompañe o importantísimo núcleo dotacional existente que carece dunha zona programada que o apoie, conformando unha unidade de núcleo dotacional cultural e de recreo.

Unha sinal desta aposta é o reseñable incremento no sistema xeral de espazos libres que ten como resultado un aumento máis que considerable na súa superficie que se incorpora a programación do PXOM.



Ao respecto do sistema xeral viario, ademais deste, existe unha ampla rede viaria local que permite a comunicación entre os núcleos rurais e articula gran parte do territorio municipal.

O potenciamento deste sistema é fundamental para a articulación entre o rural e o urbano favorecendo a relación e potenciando o aproveitamento das posibilidades ligadas ás actividades económicas agropecuarias e outras capacidades de xeración de recursos no rural como pode ser o turismo ou simplemente a posta en valor dos inmensos recursos naturais do concello da Estrada.

A través das dotacións previstas, da articulación do espazo público e da mobilidade e dos sistemas xerais programados, o PXOM garante un punto de partida atractivo para a dinamización socioeconómica da Estrada ao tempo que contribúe a unha redución directa da emigración provocada pola busca dun entorno de habitabilidade de calidade que agora pasa a ser ofertado no propio concello.

Actividade económica

Este sistema de espazo público complementa o comercio local minorista, que xa foi salientado como un punto importante na actividade económica da Estrada. Un espazo público agradable e accesible dotado cos servizos necesarios é un elemento de potenciamento da actividade económica e, en especial no caso da Estrada, da actividade comercial minorista.

Neste marco, para reforzar a capacidade de atracción da cabeceira de provincia, sería complementaria a instalación dunha área comercial deseñada para compatibilizarse co tecido comercial interno do núcleo urbano.

En xeral todo o sector terciario veríase favorecido por un potenciamento do turismo, que, no caso da Estrada, debe estar vencellado aos seus mellores atractivos localizados no rural. Este turismo rural



debe apostar pola calidade e por novas iniciativas e opcións que pasan por facilitar a implantación das infraestruturas, construcións e vivendas necesarias no rural.

Non se pode esquecer tampouco a importancia dun sector industrial cunhas características moi determinadas, como é o estar composto fundamentalmente por pequenas e medianas empresas.

Para favorecer o seu desenvolvemento faise preciso combinar e equilibrar a industrialización co deseño dun territorio estradense sustentado nos seus valores identitarios da natureza, do patrimonio e das explotacións agropecuarias.

A proposta pasa polo tanto por concentrar a industria nos polígonos industriais xa existentes (Polígono industrial de Toedo e Polígono Industrial de Matalobos) e en escasa medida nos polígonos de solo urbanizable industrial que se crean como resposta a regularización de gran cantidade de empresas, que pola súa propia estrutura non resulta sinxelo que se poida afrontar a súa reubicación nos polígonos mencionados, ordenando o crecemento dos mesmos e mellorando as súas infraestruturas básicas, o que permitirá ás empresas alí implantadas acadar unha maior competitividade a través da eficiencia.

Poboación e vivenda

No período de vixencia do plan, a estratexia ao respecto da vivenda debe dar resposta a varias necesidades que se interrelacionan e complementan para contribuír á recuperación de poboación e ao desenvolvemento social e económico do concello da Estrada.

A urbanización do núcleo urbano debe seguir dúas lóxicas: Unha evidente de **resposta ás necesidades da poboación** e outra intimamente ligada á necesidade do **deseño dun núcleo urbano de calidade, compacto e que favoreza a eficiencia e a estabilidade urbanas**.

O núcleo urbano debe ser o referente que capture unha parte importante do continuo proceso de migración cara á cidade. Para isto faise preciso que o núcleo se diferencie claramente do rural, rematando a súa urbanización, compactando a súa edificación e posibilitando a prestación de servizos que unha parte da poboación estradense está a buscar, nestes momentos, noutras vilas ou cidades da provincia ou da comunidade autónoma.

Tentando frear a migración en orixe e a fixación de poboación no rural, faise preciso o favorecemento da instalación e da construción de novas vivendas neste entorno. Esta necesidade podería verse potenciada con unha recuperación das actividades económicas ligadas ao rural así como a diversificación das actividades no mesmo.

Estimacións de poboación e vivendas

As estimacións de poboación no escenario deseñado a través dun estudio socioeconómico propositivo como o que se presenta, deben ser refrendadas a través dunha importante labor de control e seguimento a través de indicadores da evolución e do éxito dos plans implantados.



Preséntanse a continuación as estimacións da contribución á recuperación de poboación para o período de vixencia do Plan Xeral de Ordenación Municipal, de cada un dos plans identificados para a implementación dunha estratexia de dinamización socioeconómica do concello da Estrada.

A través do *Plan de fixación da poboación local*, o obxectivo é o de reducir ao 50% as emigracións que se están a producir anualmente que, nos 12 anos de vixencia do PXOM, permitiría a recuperación de 2.196 habitantes.

O *Plan de reestruturación demográfica* eleva en 1.200 habitantes máis a poboación, si se consegue no mesmo período recuperar a natalidade ate chegar, cando menos, a un crecemento vexetativo neutro.

Estas iniciativas definen un crecemento exclusivamente baseado na variable demográfica chegando polo tanto por crecemento natural a un total de aproximadamente 3.400 habitantes.

Complementando isto cos demais plans deseñados que potencian o crecemento poboacional a través de accións sobre as variables sociais e económicas (*Plan de estruturación social, Plan de posta en valor dos recursos ambiental, Plan de revitalización do medio rural, Plan de mobilidade, Plan de desenvolvemento endógeno diversificado, Plan de incorporación de valor engadido e I+D+i e Plan de implicación coa sustentabilidade*) debería acadarse sen problemas un crecemento engadido de 260 habitantes máis ao ano que, nos 12 anos de programación do Plan Xeral, farían unas 3.120 persoas máis, que sumado as cifras definidas nos parágrafos anteriores chega a un total de 6.600 persoas.

Á hora de calibrar a capacidade residencial en base ás proxeccións poboacionais naturais de crecemento do Concello da Estrada hai que ter en conta que o número de vivendas do parque inmobiliario non presenta unha correlación directa e unidireccional coa evolución poboacional. Ambas dinámicas, aínda que relacionadas, non son directamente proporcionais, pois nestas interveñen certas variables (segunda residencia, vivendas desocupadas...) que alteran a simple correlación entre poboación e número de vivendas.

Ademais, nos últimos decenios as estruturas familiares teñen mudado notablemente en Galicia, en base ás transformacións socioculturais introducidas polos procesos de urbanización e modernización xeral da sociedade. É notable a redución do número de membros das unidades familiares por fogares e o aumento de fogares unipersoais.

Polo que respecta ás vivendas que se precisan para satisfacer as necesidades desta poboación aplicaremos un ratio de ocupación de 2,1 habitantes para que é o ratio que asegura a reprodución familiar. O resultado é por tanto un total de 3.143 vivendas principais que se aplicamos os ratios de secundarias e desocupadas do censo do 2001 require de outras 1.657 vivendas. Se destas 1.657 unhas 900 quedan desocupadas, estaríase a mellorar o ratio de vivendas desocupadas do 22% ate algo menos do 20%. Estaríamos a falar deste xeito dunha necesidade no núcleo urbano de aproximadamente 4.800 vivendas.

Ademais destas estimacións de poboación e vivendas derivados dos anteriores plans e programas, o obxectivo prioritario do plan e cubrir as demandas e necesidades da poboación e facelas compatibles ca capacidade de carga do territorio municipal.

Actualmente a sociedade estradense a nivel municipal presenta unha dinámica regresiva, que se pretende evitar ou minimizar por medio da posta en marcha do plan. Esta regresión debese



fundamentalmente á evolución poboacional no rural, xa que a dinámica urbana presenta unha tendencia positiva.

Esta merma do rural non só deriva do trasbase de poboación entre o medio rural e a capital municipal senón tamén da imposibilidade de edificar no solo rural que se produce tras a paralización de licencias realizada durante a tramitación do Plan Xeral (anterior ao ano 2.006) e a derogación das normas subsidiarias de planeamento a través dunha normativa transitoria que unicamente regula o solo urbano e que produce que o crecemento dos núcleos rurais estea totalmente conxelado.

O núcleo urbano como nodo de atracción tanto municipal como comarcal, presenta un incremento de poboación dun 1,5% anual, na última década. Esta dinámica continuará previsiblemente, por tanto o plan debe permitir un crecemento da vila que garanta a calidade de vida dos seus residentes. Nos últimos anos a vila presentou un crecemento excesivamente denso, con pouco esponxamento. Para favorecer este desenvolvemento sostible da vila, o planeamento proporá un maior esponxamento da actual trama urbana, e creará novas zonas verdes e de esparcemento. Os crecementos na malla urbana teñen como obxectivo completar a trama urbana e dotala de servizos, dotacións e zonas verdes que permitan unha boa calidade de vida tanto para os residentes actuais como futuros.

A dinámica de crecemento dos núcleos rurais mantense totalmente allea a calquera estimación de crecemento posible, e polo tanto resulta difícil de cuantificar, sen embargo as expectativas que o plan xera, a fin de reducir o éxodo da poboación do rural e reactivar o seu crecemento tras a paralización sufrida, vense reflectidas non so nas consultas realizadas por parte do concello sobre a intención de edificar en solo de núcleo rural, senón no propio período de participación pública. Isto fai que o posible crecemento dos núcleos non sexa cuantificado en relación a número de vivendas.

Polo tanto, ao respecto da poboación e as vivendas para o núcleo urbano as estimacións se resumen nos seguintes cadros:

Plans	Total	Fixación da poboación local	Reestruturación demográfica	Posta en valor dos recursos ambiental	Revitalización do medio rural	Mobilidade	Estruturación social	Implicación coa sustentabilidade	Desenvolvemento endógeno diversificado	Incorporación de valor engadido e I+D+i
Poboación asociada	6.600	3.000	1.200	c	800	c	400	c	800	400

C – complementario con outras pero sen poboación directa asociada

	Total	Principais	Secundarias	Desocupadas
Número de vivendas	4.800	3.143	707	950
%	100%	65.48%	14.73%	19.79%

O crecemento proposto do PXOM debe ser compatible cas Directrices de Ordenación do Territorio.



As **Directrices de Ordenación do Territorio (DOT)** establece o núcleo da **Estrada** dentro do **sistema urbano intermedio**.

O papel territorial do Sistema urbano intermedio *No territorio de Galicia aparece un interesante conxunto de núcleos de pequeno e mediano tamaño, con poboacións que oscilan entre os 7.000 e os 40.000 habitantes, que enriquecen e achegan variedade ao Sistema urbano da Comunidade. Estas cidades medias do Sistema urbano galego localízanse tanto nas zonas menos centrais da Comunidade, onde a menor influencia das principais cidades permite a estes núcleos asumir unha maior centralidade e protagonismo, como en ámbitos litorais, onde a densidade de poboación deu lugar a complexos continuos urbanos (subsistemas urbanos policéntricos). Trátase de centros que experimentaron un crecemento demográfico relativo notable, que os diferencia claramente da tónica de declive poboacional que marca a maior parte do territorio galego desde as décadas centrais do século XX.*

Neste documento denomínanse estas vilas e cidades “Sistema urbano intermedio”. Xunto coas principais vilas e pequenas cidades integradas nas Rexións e Áreas urbanas constitúen o segundo chanzo na xerarquía do sistema urbano, tras as sete cidades principais, de grande importancia para as estratexias de integración e fortalecemento do modelo territorial, facendo posible que todo o territorio participe nas iniciativas de desenvolvemento. Son ámbitos clave para o equilibrio territorial, a cohesión social, e posibilitar un aproveitamento integral das oportunidades de actividade de todo o territorio.

Neste sentido poden e deben realizar funcións decisivas na organización do territorio de Galicia:

- *Son determinantes para dinamizar os procesos de desenvolvemento e asegurar a dispoñibilidade de servizos urbanos de certo nivel nas zonas máis débiles do territorio de Galicia. **Estas cabeceiras constitúen referencias territoriais imprescindibles para previr o despoboamento e a agudización dos desequilibrios territoriais en amplas zonas do interior.** Esta función coincide co núcleo urbano da Estrada.*

A especialización produtiva que singulariza moitos destes centros é un dos aspectos clave para a fortaleza económica da Comunidade.

*Polo seu tamaño, a súa distribución territorial, e en moitos casos polas súas dinámicas económicas, proporcionan unha oferta urbana variada de núcleos dotados dunha forte identidade, **cuxo fortalecemento permite evitar moitos dos riscos asociados a unha excesiva concentración da poboación nun número reducido de grandes centros**, cos custos funcionais, ambientais, sociais e económicos que se derivan das situacións de conxestión.*

- *Proporcionan un referente territorial ao redor do **cal organizar crecementsos residenciais e de espazos de actividade**, reducindo os riscos de proliferación da urbanización difusa, de aparición de crecementsos desestruturados e de falta de áreas de centralidade.*

- *Noutros casos trátase de ámbitos importantes para consolidar as estratexias de articulación territorial entre as principais Áreas urbanas de Galicia.*

- *Nalgúns casos, pola súa posición dentro de Rexións urbanas consolidadas, ofertan funcións especializadas e complementarias para o conxunto do espazo no que se integran*

*Para que o Sistema urbano **intermedio poida desenvolver adecuadamente estas funcións no Modelo territorial de Galicia é imprescindible aumentar o seu rango urbano, de forma que se incremente a calidade e variedade dos seus servizos e o atractivo destas poboacións como***



espazos de residencia e actividade. Para iso, neste documento expóñense catro estratexias fundamentais:

Impulso de iniciativas de cooperación entre concellos, para que a suma de diferentes municipios moi interrelacionados permita aumentar o seu rango urbano e abordar proxectos e solucións que non son posibles desde a óptica local de cada un deles por separado. A estratexia básica pasa por articular os ámbitos de integración entre os diferentes municipios e xerar elementos que faciliten a unificación dos mercados laborais e das áreas de prestación de servizos. Unha iniciativa deste tipo xurdida en 2008, que cómpre apoiar, difundir e fomentar como exemplo que hai que seguir, é a Agrupación voluntaria de municipios de Galicia Central, composta por Lalín, Melide, O Carballiño e Monforte de Lemos, cunha clara vocación estratéxica. Ten como finalidade mobilizar a intelixencia colectiva destes territorios a través da participación dos diferentes actores territoriais, públicos, asociativos e privados, na definición de obxectivos, estratexias e prioridades de intervención, coa vista posta na valorización dos recursos territoriais, tanto mediante o desenvolvemento de sistemas produtivos locais como na creación de produtos turísticos integrados e tamén no campo da sostibilidade ambiental.

Fortalecemento da base produtiva (Cidade do Moble), que constitúe a referencia fundamental para soste calquera outra iniciativa de mellora urbana e da calidade de vida dos cidadáns. É moi importante apoiar iniciativas que favorezan a implantación de actividade económica e o aumento do nivel formativo e a capacidade de innovación, especialmente en relación coas actividades máis importantes para o desenvolvemento local. Unha maior dimensión e complexidade da base produtiva é, ademais, un factor decisivo para a aparición de infraestruturas, servizos e dinámicas urbanas que son determinantes para fortalecer o rango das cidades e ampliar a calidade e diversidade da oferta urbana.

Aumento do atractivo urbano. Este é outro dos aspectos relevantes para fortalecer o Sistema urbano intermedio de Galicia. A mellora da imaxe das vilas e a súa contorna, o aumento na calidade e variedade das posibilidades educativas, comerciais, de lecer, etc., son fundamentais para incrementar atractivo e as oportunidades destes centros urbanos (A Estrada). Espazos singulares que aparecen na maior parte desas vilas pequenas e medias, como centros históricos, portos, áreas industriais ou espazos ferroviarios, etc., proporcionan con frecuencia oportunidades singulares para acometer proxectos de renovación que poden constituír importantes experiencias de dinamización urbana. A consecución de Áreas de rehabilitación integral para estes núcleos tórnase como unha boa estratexia para levar a cabo procesos de recuperación das funcións produtivas, residencias, sociais e estéticas de moitos dos seus sectores interiores que viviron intensos procesos de abandono e deterioración social, económica e ambiental.

Articulación da malla viaria mediante a consolidación e mellora dos eixos de acceso ao territorio, para configurar vías máis atractivas, con posibilidades de permeabilidade transversal e sobre os que se desenvolvan programas de recuperación paisaxística recualificando uns espazos clave para a estruturación do territorio e a calidade de vida dos seus habitantes, así como desenvolvendo proxectos de mellora e sostibilidade da mobilidade e da cohesión.

Segundo as DOT a **capital municipal da Estrada** é un núcleo dinámico, que historicamente desenvolveu función de centro comarcal. *A localización desta vila, a súa dimensión urbana e o seu dinamismo económico configúranla como cabeceira dun ámbito que debe potenciarse coas novas conexións de gran capacidade previstas para comunicar entre si as principais cidades de Galicia. Conta*



este subsistema cunha base económica diversificada, cun conglomerado de PEMES especializadas e competitivas e unha valorización dos recursos endóxeos, entre as que destaca o sector do moble na Estrada. Trátase de núcleos dinámicos que poden potenciarse a través de melloras na súa calidade urbana e na súa oferta de servizos. A clave é estimular as actividades produtivas e mellorar a súa capacidade competitiva. Nesta liña o PXOM crea unha ampla superficie empresarial para mellorar a competitividade do concello da Estrada.

As melloras infraestruturais que se suxiren neste documento (DOT) serán decisivas para sacar partido ás súas vantaxes de localización no centro de gravidade de Galicia e a pouca distancia dos principais centros urbanos da Comunidade.

Respecto o solo industrial destes concellos as DOT formulan que a oferta de solo empresarial convértese así nunha estratexia de interese para o asentamento de novas empresas.

*O **sector do Moble** de gran importancia no concello configúrase nun dos elementos básicos da industria e do desenvolvemento territorial para Galicia.*

As DOT establece esta actividade como un sector transcendental para a industria galega. O sector forestal galego, coa súa gran capacidade de produción, alimenta a industria da madeira e do moble, de xeito que a súa potencialidade económica fai da cadea da madeira un dos piares produtivos estratéxicos da economía galega, que conta cun dos clústeres máis activos e que asemade o seu desenvolvemento industrial ten lugar principalmente en zonas rurais.

Con todo, o subsector do moble, ebanistería e elementos variados do mobiliario conta co maior número de empresas, a gran maioría de pequeno e mediano tamaño, nun 90% dos casos con menos de dez empregados. Este subsector presenta unha gran dispersión territorial que favorece que sexa unha industria cunha alta penetración e transcendencia social e económica.

*Malia esta dispersión, hai tres centros que actúan como cabezas indiscutibles desta rama industrial, que podemos cualificar como capitais do moble galego: **A Estrada**, Sarria e Ourense, onde se xeran claros subsistemas produtivos locais cunha alta concentración de empresas dedicadas á transformación da madeira.*

Cómpre recalcar que debe potenciarse o ciclo completo da madeira en Galicia, o cal se verá favorecido polas posibles medidas de xestión de terras e de mellora da competitividade da produción forestal e as liñas de I+D+i relacionadas co sector.

Xunto a esta estratexia marca polas DOT a “**Asociación impulsora do pacto territorial de emprego de Deza-Tabeiros**” no 2007 establece unha serie de necesidades entre o 2.006 e 2.015. A continuación expoñemos os datos do estudo:

- **ANÁLISE DA OFERTA DE SOLO INDUSTRIAL**

Segundo o estudo “As Necesidades Empresariais de Solo Produtivo en Galicia 2006-2015” realizado polo Grupo ICEDE da Universidade de Santiago de Compostela para o Instituto Galego de Vivenda e Sólo [IGVS] no ano 2006, a Superficie Industrial Total na Comarca de Tabeirós – Terras de Montes é de 92.974 m², dos que 74.974 se sitúan no Concello de A Estrada no P.I. de Toedo.



A Superficie Industrial Libre [SIL] no ámbito da Comarca de Tabeirós – Terras de Montes é de 17.374 m², dos que 14.974 m² se sitúan no Concello de A Estrada. Temos que sinalar que, dos 60.000 m² de Superficie Vendida no Concello de A Estrada [P.I. de Toedo], 15.000 m² se corresponden con Superficie Non Construída.

Estes dato difiren considerablemente co solo empresarial actual. Segundo os datos que ten o PXOM, no concello da Estrada, no concello existe un 202.834,5 m² de solo industrial e 10.821 m² de solo terciario. Ademais outros solo urbanizables empresariais estan parcialmente colmatados. Estes datos difiren dos do estudio debido a actualización dos mesmo.

- **OFERTA ACTUAL E PROGRAMADA DE SOLO INDUSTRIAL**

A Superficie en Trámite a Corto Prazo [TC] no ámbito da Comarca de Tabeirós – Terras de Montes é de 528.684 m², todos eles correspondentes ao Concello de A Estrada [Cidade do Moble].

Polo tanto, a Oferta Actual e Programada de Solo Industrial no ámbito da Comarca de Tabeirós – Terras de Montes é de 546.058 m², dos que 543.658 m² se sitúan no Concello de A Estrada.

Estes datos tamén difiren dos formulados polo actual PXOM. A continuación se enumerarán tanto os solos propostos como os existentes no concello da Estrada.

Nome	Superficie (m2)	Colmatado	Estado
Cidade do Moble	382.357,86	-	Programado
SUC Toedo leste	107.980,00	100% Colmatado	Actual
SUC Toedo oeste	85.554,50	Pendente de ocupar	Actual
SUC MARÍA MARTÍNEZ	21.676,00	100% Colmatado	Actual
SUC LIDL	10.821	Pendente de ocupar	Actual
SUD-I17	81.620	> 50% Colmatado (Pol Industrial Matalobos)	Programado (Urbanizable pola transitoria 13ª)
SUD-I19	97.420	> 50% Colmatado (Pol Industrial Moreira)	Programado (Urbanizable pola transitoria 13ª)



SUD-I20	47.610	> 50% Colmatado (Pol Industrial Valboa)	Programado (Urbanizable por la transitoria 13ª)
SUD-I21	280.890	-	Programado (Ampliación do Pol. Industrial de Toedo)
SUD-I22	90.090	-	Programado (Ampliación do Pol. Industrial de Toedo)
SUD-I14	29.665	-	Programado
SUD-T08	20.115	>50 % Colmatado	Programado (Urbanizable pola transitoria 13ª)
SUD-T13	28.620	>50 % Colmatado	Programado
SUND-T09	35.595	20 % Colmatado	Programado

Fonte: propia do PXOM

• ESCENARIOS PARA O 2015

Este estudo plantexa dous escenarios un de máximos e outro de mínimos. No cal entre o 2006-2015 faría falla entre 266.225 m² e 359.253 m². Se temos en conta a superficie industrial existente, no 2015 farían falla entre 63.390 m² e 156.417,5 m² de solo empresarial. Se analizamos tanto os datos reais como as previsións, vemos unha clara demanda de solo empresarial que se acentuará ca mellora de vías de alta capacidade como a autovía Santiago- A Estrada.

Conclusións

A previsión de solo residencial e empresarial formulada polo PXOM basease nos seguintes aspectos:

- **Capacidade de carga do territorio.** O termo municipal da Estrada como calquera territorio ten unha capacidade de absorción para albergar os diferentes usos. Esta capacidade de carga avalíase por medio do procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica.
- A **demanda social** de solo residencial como empresarial da poboación estradense.
- As **dinámicas socioeconómicas** que sofre o concello, así como **os elementos estratéxicos (autovía Santiago –A Estrada)** tanto existentes como futuros, que poden condicionar a súa evolución.
- A estratexia marcada por **plans e programas para dinamizar demograficamente e economicamente o concello.**
- **Mellorar a calidade de vida e por en valor dos recursos endóxeos.**



Necesidades de control e seguimento

O enfoque que se ten aplicado na realización deste estudo socioeconómico e o carácter propositivo e proactivo do seu resultado, que se plasma na Estratexia Integral para a Dinamización Socioeconómica da Estrada, fai necesario que, no momento da implementación práctica, se teña comprobado que, efectivamente, estanse a dar as condicións para avanzar na concreción das actuacións previstas.

A evolución das estratexias propostas deberá realizarse de modo controlado a través do seguimento e constatación da dinámica seguida por unha serie de indicadores que verifiquen a idoneidade e o cumprimento das liñas estratéxicas marcadas e que, ao mesmo tempo, sirvan como elementos de alerta temprana no caso de que se estean a producir desviacións nos propósitos, obxectivos ou liñas de desenvolvemento do concello da Estrada.

Para isto, resulta fundamental a realización dun seguimento e control exhaustivo do cumprimento dos resultados esperados dende a perspectiva socioeconómica de xeito que poidamos realizar un seguimento da conxuntura puntual e da evolución da estrutura da socioeconomía estradense.

Algúns dos gráficos presentados como parte do presente estudo socioeconómico e que están elaborados a partir de datos ofrecidos polo IGE, permitirían elaborar unha pequena batería de indicadores que faciliten unha visión xenérica da evolución de aspectos importantes da realidade social e económica da Estrada.

Se ben esta simplificación gráfica da realidade estradense non permitiría a realización de análises exhaustivas e conclusións directas, si que aportaría unha información útil e facilmente comprensible para a interpretación do éxito das medidas implementadas, ou da necesidade de reorientación das mesmas.

A Estrada, Xullo 2013

Fdº Juan Angel Visier Gil
Arquitecto redactor